LUNS **10 FEBREIRO** 2020 • ANO XIV - Nº 571 • Correo: liderlugo@lavoz.es
La Voz de Galicia
1 Líder



1 0

# MOI VIVOS

**O Rácing Villalbés impúxose á Milagrosa no derbi provincial da Liga Galega cadete cun solitario gol de Miguel.** Os chairegos, da man do porteiro Diego, mantivéronse con vida ante o asedio dos albivermellos e sumaron tres puntos que os sacan por primeira vez na tempada dos postos de descenso



1 0

DIVISIÓN DE HONRA CADETE

## Cuarta vitoria consecutiva para un Lugo de podio

Borja asinou o único gol do encontro ante o Rácing de Ferrol e os de Dani Galán seguen instalados no terceiro posto tras encadear catro triunfos seguidos. O sábado, na Cheda, debutou na máxima categoría cadete o infantil Manu Ferreiro

PROVINCIAL INFANTIL

## 5 EQUIPOS SEGUEN OPTANDO AO TÍTULO

Nunha competición na que a Residencia asaltou o liderado e a Milagrosa o podio tras impoñerse en Ribadeo. O Becerreá gaña enteiros tras sumar os tres puntos na Marosa

DIVISIÓN DE HONRA XUVENIL

## BALÓN DE OSÍXENO PARA O LUGO

Os de Bruno Rodríguez gañaron a domicilio ao Marina Sport e saen do descenso antes de medirse co Rácing, en Santander, e de recibir ao Sporting de Gijón nas dúas próximas xornadas

## XUVENIL D. DE HONRA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Calasanz – R. Oviedo | 0–2 |
| R. Avilés – Bansander | 0–2 |
| TSK Roces – Sp. Gijón | 0–2 |
| RC Celta – Ural CF | 6–0 |
| Conxo – R. Ferrol | 0–0 |
| Deportivo – R. Santander | 1–2 |
| Marina Sp. – CD Lugo | 0–2 |
| At. Perinés – Val Miñor | 0–3 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| RC CELTA | 55 | 21 | 17 | 4 | 0 | 61 | 16 |
| SPORTING GIJÓN | 53 | 21 | 16 | 5 | 0 | 59 | 14 |
| RC DEPORTIVO | 38 | 21 | 11 | 5 | 5 | 36 | 19 |
| R SANTANDER | 37 | 21 | 11 | 4 | 6 | 43 | 32 |
| BANSANDER | 37 | 21 | 10 | 7 | 4 | 30 | 19 |
| REAL OVIEDO | 33 | 21 | 10 | 3 | 8 | 34 | 29 |
| ED VAL MIÑOR | 28 | 21 | 8 | 4 | 9 | 32 | 28 |
| URAL CF | 27 | 20 | 7 | 6 | 7 | 28 | 29 |
| CONXO SANTIAGO | 27 | 21 | 6 | 9 | 6 | 24 | 31 |
| TSK ROCES | 25 | 21 | 8 | 1 | 12 | 26 | 37 |
| **CD LUGO** | **22** | **21** | **6** | **4** | **11** | **27** | **33** |
| ATL PERINES | 22 | 21 | 6 | 4 | 11 | 17 | 36 |
| RACING FERROL | 21 | 20 | 5 | 6 | 9 | 20 | 32 |
| REAL AVILÉS CF | 16 | 21 | 4 | 4 | 13 | 14 | 40 |
| CD CALASANZ | 12 | 21 | 3 | 3 | 15 | 18 | 46 |
| MARINA SPORT | 12 | 21 | 3 | 3 | 15 | 16 | 44 |

### PRÓXIMA XORNADA

R. Oviedo – R. Avilés
Bansander – RC Celta
Val Miñor – Calasanz
R. Santander – CD Lugo
R. Ferrol – At. Perinés
Sp. Gijón – Deportivo
Conxo – Marina Sp.
Ural CF – TSK Roces

## XUVENIL LIGA NACIONAL

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| R. Bouzas – Choco | 1–0 |
| O Val – EF Lalín | 2–1 |
| UD Ourense – RC Villalbés | 2–1 |
| Victoria – Porriño | 2–2 |
| Pabellón – CD Areosa | 2–1 |
| Pontevedra – Alondras | 3–2 |
| Valladares – RC Celta B | 1–4 |
| CD Lugo B – Ourense CF | 1–2 |
| Deportivo B – Val Miñor B | 4–1 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. CELTA "B" | 58 | 21 | 19 | 1 | 1 | 74 | 15 |
| DEPORTIVO "B" | 46 | 21 | 15 | 1 | 5 | 61 | 27 |
| PABELLON C.F. | 42 | 21 | 12 | 6 | 3 | 42 | 25 |
| C.D. AREOSA | 38 | 21 | 10 | 8 | 3 | 45 | 30 |
| PONTEVEDRA C.F. | 37 | 21 | 11 | 4 | 6 | 46 | 35 |
| C.D. CHOCO | 37 | 21 | 11 | 4 | 6 | 39 | 24 |
| RAPIDO BOUZAS | 36 | 21 | 10 | 6 | 5 | 33 | 29 |
| **C.D. LUGO "B"** | **32** | **21** | **10** | **2** | **9** | **31** | **34** |
| OURENSE C.F. | 30 | 21 | 8 | 6 | 7 | 37 | 29 |
| VICTORIA C.F. | 29 | 21 | 8 | 5 | 8 | 38 | 33 |
| ALONDRAS C.F. | 27 | 21 | 8 | 3 | 10 | 29 | 36 |
| VALLADARES | 22 | 21 | 6 | 4 | 11 | 30 | 42 |
| VAL MIÑOR "B" | 20 | 21 | 5 | 5 | 11 | 22 | 42 |
| E.F. LALIN | 18 | 21 | 5 | 3 | 13 | 22 | 47 |
| U.D. OURENSE | 17 | 21 | 5 | 2 | 14 | 26 | 48 |
| S.D. O VAL | 15 | 21 | 4 | 3 | 14 | 21 | 54 |
| **RC VILLALBES** | **14** | **21** | **2** | **8** | **11** | **27** | **45** |
| PORRIÑO C.F. | 11 | 21 | 2 | 5 | 14 | 17 | 45 |

### PRÓXIMA XORNADA

EF Lalin – Choco
RC Celta B – Pontevedra
RC Villalbés – O Val
Ourense CF – Valladares
Porriño – UD Ourense
Val Miñor B – CD Lugo B
CD Areosa – Victoria
Deportivo B – R. Bouzas
Alondras – Pabellón

## XUVENIL L. GALEGA NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Boiro – Orillamar | 3–1 |
| Estrada – Conxo B | 4–1 |
| Victoria B – Montañeros | 1–2 |
| Calasanz B – Dumbría | 1–0 |
| Viveiro CF – Ural B | 1–2 |
| Bergantiños – As Pontes | 7–0 |
| RC Villalbés – Residencia | 0–0 |
| San Tirso – R. Ferrol B | 2–0 |
| G. Caranza – Compostela | 0–1 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| S.D. COMPOSTELA | 46 | 21 | 14 | 4 | 3 | 47 | 22 |
| CALASANZ "B" | 40 | 21 | 13 | 1 | 7 | 42 | 37 |
| MONTAÑEROS C.F. | 39 | 21 | 10 | 9 | 2 | 32 | 17 |
| BERGANTIÑOS | 39 | 21 | 11 | 6 | 4 | 42 | 18 |
| R. FERROL "B" | 36 | 21 | 11 | 3 | 7 | 36 | 30 |
| URAL C.F. "B" | 34 | 21 | 10 | 4 | 7 | 38 | 26 |
| C.D. BOIRO | 33 | 20 | 9 | 6 | 5 | 38 | 24 |
| SAN TIRSO S.D. | 32 | 21 | 10 | 2 | 9 | 48 | 35 |
| C.F. DUMBRIA | 30 | 21 | 9 | 3 | 9 | 37 | 34 |
| ESTRADA FB | 30 | 21 | 7 | 9 | 5 | 29 | 24 |
| C.D. CONXO "B" | 28 | 21 | 7 | 7 | 7 | 45 | 37 |
| G. CARANZA | 27 | 21 | 8 | 3 | 10 | 32 | 45 |
| **S.D. RESIDENCIA** | **24** | **20** | **6** | **6** | **8** | **21** | **25** |
| C.D. AS PONTES | 22 | 21 | 6 | 4 | 11 | 36 | 46 |
| **VIVEIRO C.F.** | **21** | **21** | **6** | **3** | **12** | **35** | **58** |
| ORILLAMAR S.D. | 21 | 21 | 6 | 3 | 12 | 26 | 45 |
| **VILLALBES "B"** | **16** | **21** | **4** | **4** | **13** | **22** | **44** |
| VICTORIA C.F. "B" | 7 | 21 | 2 | 1 | 18 | 23 | 62 |

### PRÓXIMA XORNADA

Conxo B – Orillamar
Residencia – Bergantiños
Montañeros – Estrada
R. Ferrol B – Villalbés B
Dumbría – Victoria B
Compostela – San Tirso
Ural B – Calasanz B
G. Caranza – Boiro
As Pontes – Viveiro CF

## CADETE DIVISIÓN HONRA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Coruxo – Conxo | 5–0 |
| Val Miñor – Arosa SC | 1–0 |
| Victoria CF – San Tirso | 2–0 |
| Bergantiños – Pontevedra | 1–1 |
| Pabellón – Ural CF | 1–0 |
| AJ Lérez – Bertamiráns | 1–0 |
| RC Celta – Calasanz | 6–1 |
| CD Lugo – R. Ferrol | 1–0 |
| Deportivo – X. Oroso | 4–2 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. DEPORTIVO | 63 | 21 | 21 | 0 | 0 | 90 | 8 |
| R.C. CELTA S.A.D. | 58 | 21 | 19 | 1 | 1 | 98 | 11 |
| **C.D. LUGO** | **40** | **21** | **13** | **1** | **7** | **34** | **33** |
| E.D. VAL MIÑOR | 37 | 21 | 11 | 4 | 6 | 34 | 29 |
| SAN TIRSO S.D. | 34 | 21 | 10 | 4 | 7 | 34 | 33 |
| URAL C.F. | 32 | 21 | 9 | 5 | 7 | 26 | 26 |
| C.D. CALASANZ | 30 | 21 | 8 | 6 | 7 | 30 | 30 |
| VICTORIA C.F. | 30 | 21 | 8 | 6 | 7 | 32 | 40 |
| C.D. CONXO | 29 | 21 | 7 | 8 | 6 | 27 | 35 |
| PABELLON C.F. | 28 | 21 | 8 | 4 | 9 | 25 | 28 |
| PONTEVEDRA C.F. | 26 | 21 | 6 | 8 | 7 | 26 | 29 |
| AROSA S.C. | 25 | 21 | 7 | 4 | 10 | 29 | 41 |
| RACING FERROL | 25 | 21 | 7 | 4 | 10 | 21 | 34 |
| CORUXO F.C. | 23 | 21 | 6 | 5 | 10 | 31 | 28 |
| XUV. OROSO | 16 | 21 | 3 | 7 | 11 | 26 | 34 |
| BERGANTIÑOS C.F. | 14 | 21 | 1 | 11 | 9 | 22 | 40 |
| BERTAMIRANS C.F. | 10 | 21 | 3 | 1 | 17 | 15 | 72 |
| A.J. LEREZ | 6 | 21 | 1 | 3 | 17 | 10 | 59 |

### PRÓXIMA XORNADA

Arosa SC – Conxo
Calasanz – AJ Lérez
San Tirso – Val Miñor
R. Ferrol – RC Celta
Pontevedra – Victoria
X. Oroso – CD Lugo
Ural – Bergantiños
RC Deportivo – Coruxo
Bertamiráns – Pabellón

## CADETE L. GALEGA NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Boiro – Deportivo B | 0–0 |
| Estrada – Conxo B | 1–0 |
| CD Lugo B – Montañeros | 0–2 |
| Calasanz B – R. Ferrol B | 2–2 |
| Viveiro CF – Ural B | 0–3 |
| Dumbría – Bergantiños B | 2–2 |
| RC Villalbés – Milagrosa | 1–0 |
| San Tirso B – Imperator | 3–2 |
| G. Caranza – Compostela | 0–0 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| DEPORTIVO "B" | 52 | 21 | 16 | 4 | 1 | 70 | 20 |
| MONTAÑEROS C.F. | 49 | 21 | 15 | 4 | 2 | 54 | 10 |
| E.F.M BOIRO | 46 | 21 | 14 | 4 | 3 | 53 | 16 |
| S.D. COMPOSTELA | 46 | 21 | 14 | 4 | 3 | 39 | 18 |
| IMPERATOR O.A.R. | 36 | 21 | 11 | 3 | 7 | 28 | 30 |
| GALICIA CARANZA | 35 | 21 | 11 | 2 | 8 | 41 | 29 |
| URAL C.F. "B" | 32 | 21 | 9 | 5 | 7 | 46 | 26 |
| SAN TIRSO "B" | 31 | 21 | 9 | 4 | 8 | 35 | 32 |
| **C.D. LUGO "B"** | **29** | **21** | **8** | **5** | **8** | **34** | **28** |
| **MILAGROSA** | **27** | **21** | **7** | **6** | **8** | **19** | **25** |
| C.D. CONXO "B" | 25 | 21 | 7 | 4 | 10 | 32 | 33 |
| C.F. DUMBRIA | 23 | 21 | 7 | 2 | 12 | 30 | 46 |
| R. FERROL "B" | 21 | 21 | 5 | 6 | 10 | 22 | 49 |
| **RC VILLALBES** | **19** | **21** | **4** | **7** | **10** | **19** | **38** |
| BERGANTIÑOS "B" | 17 | 21 | 4 | 5 | 12 | 27 | 43 |
| CALASANZ "B" | 15 | 21 | 3 | 6 | 12 | 23 | 44 |
| **VIVEIRO C.F.** | **14** | **21** | **4** | **2** | **15** | **16** | **69** |
| ESTRADA FB | 11 | 21 | 2 | 5 | 14 | 22 | 54 |

### PRÓXIMA XORNADA

Conxo B – Deportivo B
Milagrosa – Dumbria
Montañeros – Estrada
Imperator – RC Villalbés
R. Ferrol B – CD Lugo B
Compostela – San Tirso B
Ural B – Calasanz B
G. Caranza – Boiro
Bergantiños B – Viveiro CF

## INFANTIL CTO. GALEGO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Deportivo – Arosa SC | 8–1 |
| Pabellón – Bertamiráns | 1–2 |
| Pontevedra – Sta. Mariña | 0–1 |
| Ural CF – Val Miñor | 2–2 |
| CD Areosa – Calasanz | 5–1 |
| Portero 2000 – RC Celta | 1–8 |
| CD Lugo – Victoria | 2–3 |
| X. Oroso – Conxo | 1–2 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. CELTA S.A.D. | 12 | 4 | 4 | 0 | 0 | 27 | 3 |
| R.C. DEPORTIVO | 12 | 4 | 4 | 0 | 0 | 19 | 2 |
| C.D. AREOSA | 9 | 4 | 3 | 0 | 1 | 13 | 8 |
| BERTAMIRANS F.C. | 9 | 4 | 3 | 0 | 1 | 8 | 4 |
| **C.D. LUGO** | **9** | **4** | **3** | **0** | **1** | **12** | **9** |
| VICTORIA F.C. | 7 | 4 | 2 | 1 | 1 | 11 | 10 |
| C.D. CALASANZ | 7 | 4 | 2 | 1 | 1 | 7 | 9 |
| E.D. XUV. OROSO | 6 | 4 | 2 | 0 | 2 | 13 | 8 |
| C.D. CONXO | 6 | 4 | 2 | 0 | 2 | 7 | 9 |
| PABELLON C.F. | 4 | 4 | 1 | 1 | 2 | 5 | 5 |
| E.D. VAL MIÑOR | 4 | 4 | 1 | 1 | 2 | 5 | 10 |
| SANTA MARIÑA | 4 | 4 | 1 | 1 | 2 | 2 | 8 |
| URAL C.F. | 2 | 4 | 0 | 2 | 2 | 6 | 17 |
| PONTEVEDRA C.F. | 1 | 4 | 0 | 1 | 3 | 4 | 11 |
| AROSA S.C. | 0 | 4 | 0 | 0 | 4 | 5 | 17 |
| E.F. PORTERO | 0 | 4 | 0 | 0 | 4 | 6 | 20 |

### PRÓXIMA XORNADA

Deportivo – Pabellón
Calasanz – EF Portero
Bertamiráns – Pontevedra
RC Celta – CD Lugo
Sta. Mariña – Ural CF
Victoria – X. Oroso
Val Miñor – CD Areosa
Arosa SC – Conxo

## INFANTIL Fase descenso G-I

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| EF Lalín – San Tirso | 1–2 |
| Montañeros – Narón | 2–1 |
| Sálvora – Bergantiños | 1–5 |
| R. Ferrol – Victoria | 4–0 |
| SD Viveiro – G. Caranza | 2–1 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| RACING FERROL | 24 | 4 | 4 | 0 | 0 | 11 | 1 |
| BERGANTIÑOS C.F. | 18 | 4 | 3 | 1 | 0 | 15 | 7 |
| GALICIA CARANZA | 15 | 4 | 1 | 1 | 2 | 5 | 5 |
| MONTAÑEROS C.F. | 15 | 4 | 1 | 2 | 1 | 6 | 7 |
| VICTORIA C.F. | 13 | 4 | 2 | 1 | 1 | 13 | 7 |
| S.D.C.Y R. NARÓN | 13 | 4 | 1 | 1 | 2 | 9 | 7 |
| **S.D. VIVEIRO "A"** | **13** | **4** | **1** | **2** | **1** | **5** | **7** |
| SAN TIRSO S.D. | 12 | 4 | 1 | 2 | 1 | 7 | 7 |
| E.F. LALIN | 8 | 4 | 0 | 1 | 3 | 6 | 15 |
| SALVORA, C.F. | 3 | 4 | 0 | 1 | 3 | 2 | 16 |

### PRÓXIMA XORNADA

EF Lalín – Montañeros
Victoria – SD Viveiro
Narón – Sálvora
San Tirso – G. Caranza
Bergantiños – R. Ferrol




## CLASIFICACIÓN DOS MELLORES EN REGULARIDADE E GOLES

### Trofeo Jorge Tato — XUVENIL SUPERIORES

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| XOEL EIJO | Viveiro C.F | 10 |
| DAVID | RC Villalbés | 9 |
| GABARRE | CD Lugo | 8 |
| DIEGO | Viveiro C.F | 8 |
| SCHUSTER | CD Lugo | 6 |
| SPEEDY | RC Villalbés | 6 |
| ÓSCAR | CD Lugo | 5 |
| BRIAN | CD Lugo B | 5 |
| LEANDRO | CD lugo B | 5 |
| GABRI | RC Villalbés B | 5 |
| MANU | CD Lugo B | 4 |
| MIGUEL | RC Villalbés B | 4 |
| BUJÁN | RC Villalbés B | 4 |
| I. GESTO | RC Villalbés B | 4 |
| JORGE | Viveiro C.F | 4 |
| MATEO | CD Lugo B | 3 |
| PÉREZ | CD Lugo B | 3 |
| DANI | Residencia | 3 |
| CONDE | Residencia | 3 |
| FONSECA | Residencia | 3 |
| VILA | CD Lugo | 2 |
| SAMU | CD Lugo B | 2 |
| ROSÓN | CD Lugo B | 2 |
| J. CARLOS | CD Lugo B | 2 |
| RODRIGO | CD Lugo B | 2 |
| GABRI | RC Villalbés | 2 |
| NICO | RC Villalbés | 2 |
| MARTÍN | RC Villalbés | 2 |
| LÓPEZ | RC Villalbés B | 2 |
| YAGO | Residencia | 2 |
| BORJA | Residencia | 2 |
| ROI | Residencia | 2 |
| IVÁN | Viveiro C.F | 2 |
| JUAN | Viveiro C.F | 2 |
| YAGO | CD Lugo | 1 |
| MARTÍN | CD Lugo | 1 |
| DAMIÁN | CD Lugo | 1 |
| GÓMEZ | CD Lugo | 1 |
| XABI D. | CD Lugo | 1 |
| GUITIÁN | CD Lugo | 1 |
| ERNESTO | CD Lugo | 1 |
| ELOY | CD Lugo | 1 |
| FIDALGO | CD Lugo | 1 |
| ASIER | CD Lugo B | 1 |

### Regularidade — XUVENIL SUPERIORES

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| DIEGO | Viveiro C.F | 24 |
| XOEL EIJO | Viveiro C.F | 24 |
| GARCIA | Residencia | 22 |
| LÓPEZ | RC Villalbés | 20 |
| CONDE | Residencia | 17 |
| DAVID | RC Villalbés | 16 |
| I. GESTO | RC Villalbés B | 15 |
| DANI | RC Villalbés B | 15 |
| SANTI | RC Villalbés B | 15 |
| ANXO | RC Villalbés | 14 |
| TRASI | Viveiro C.F | 13 |
| SPEEDY | RC Villalbés | 12 |
| XAIRO | RC Villalbés | 11 |
| LÓPEZ | RC Villalbés B | 10 |
| GABRI | RC Villalbés B | 10 |
| NOEL | RC Villalbés B | 10 |
| DENIS | RC Villalbés B | 10 |
| MIGUEL | RC Villalbés B | 10 |
| GÓMEZ | Viveiro C.F | 10 |
| GABRI | RC Villalbés | 9 |
| LIS | Residencia | 9 |
| RARES | RC Villalbés | 7 |
| ADRI | Residencia | 7 |
| ÁLEX | RC Villalbés B | 6 |
| D. IGLESIA | Residencia | 6 |
| JUAN | Viveiro C.F | 6 |
| MARTÍN | RC Villalbés | 5 |
| MARCO | RC Villalbés | 5 |
| JAVI | RC Villalbés B | 5 |
| BUJÁN | RC Villalbés B | 5 |
| YAGO | Residencia | 5 |
| ROI | Residencia | 5 |
| ANIDO | RC Villalbés | 4 |
| DAVID | Residencia | 4 |
| BUJÁN | RC Villalbés | 3 |
| NICO | RC Villalbés | 3 |
| PEDRO | RC Villalbés B | 3 |
| DANI | RC Villalbés B | 3 |
| CANCIO | Residencia | 3 |
| DANI | Residencia | 3 |
| FONSECA | Residencia | 3 |
| YOEL | Residencia | 3 |
| RICHARD | Viveiro C.F | 3 |
| ASIER | RC Villalbés | 2 |

### Pichichi — CADETE SUPERIORES

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| AYMAN | CD Lugo B | 10 |
| LOMBA | CD Lugo | 6 |
| BORJA | CD Lugo | 6 |
| ANTÓN | CD Lugo B | 5 |
| ADRIÁN | Viveiro CF | 5 |
| FREIRE | CD Lugo | 4 |
| HUGO | CD Lugo | 4 |
| XOEL I. | CD Lugo | 4 |
| PÉREZ | CD Lugo B | 4 |
| RAFA | Milagrosa | 4 |
| ALESITO | CD Lugo | 3 |
| MANU | CD Lugo B | 3 |
| CABARCOS | Milagrosa | 3 |
| DIEGO | Milagrosa | 3 |
| JUAN | Milagrosa | 3 |
| CRISTIAN | RC Villalbés | 3 |
| NOEL | RC Villalbés | 3 |
| MIGUEL | RC Villalbés | 3 |
| LUIS | CD Lugo | 2 |
| GABRI | CD Lugo | 2 |
| BORJA | CD Lugo B | 2 |
| BUIDE | CD Lugo B | 2 |
| RAÚL | CD Lugo B | 2 |
| ROBER | CD Lugo B | 2 |
| MIGUEL | Milagrosa | 2 |
| MARCO | Milagrosa | 2 |
| CARLOS | RC Villalbés | 2 |
| ANXO | RC Villalbés | 2 |
| MENDAÑA | Viveiro CF | 2 |
| MANEL | CD Lugo | 1 |
| JORGE | CD Lugo | 1 |
| PABLO | CD Lugo | 1 |
| ROSÓN | CD Lugo B | 1 |
| MANUEL | CD Lugo B | 1 |
| RUBÉN | CD Lugo B | 1 |
| AMIN | CD Lugo B | 1 |
| MARIO | Milagrosa | 1 |
| ÓSCAR | RC Villalbés | 1 |
| MARTÍN | RC Villalbés | 1 |
| JAVI | RC Villalbés | 1 |
| JOSE | RC Villalbés | 1 |
| HUGO | Viveiro CF | 1 |
| LUCAS | Viveiro CF | 1 |
| JAVI | Viveiro CF | 1 |

### Regularidade — CADETE SUPERIORES

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| LUCAS | Viveiro CF | 31 |
| MIGUEL | Milagrosa | 21 |
| JUAN | Milagrosa | 17 |
| DIEGO | RC Villalbés | 16 |
| BRAIS | Milagrosa | 14 |
| ALBERTO | RC Villalbés | 13 |
| RAFA | Milagrosa | 12 |
| MARTÍN | RC Villalbés | 12 |
| AMADO | RC Villalbés | 12 |
| DAVID | Viveiro CF | 12 |
| CARLOS | RC Villalbés | 11 |
| HUGO | Viveiro CF | 11 |
| ADRIÁN | Viveiro CF | 11 |
| CABARCOS | Milagrosa | 9 |
| NOEL | RC Villalbés | 9 |
| PABLO | Viveiro CF | 9 |
| CARLOS | Viveiro CF | 9 |
| MARCO | Milagrosa | 7 |
| MARIO | Milagrosa | 7 |
| HUGO | RC Villalbés | 7 |
| MIGUEL | RC Villalbés | 7 |
| BOIXET | Viveiro CF | 7 |
| HUGO | Milagrosa | 6 |
| NICO | Milagrosa | 6 |
| ÁLEX G. | RC Villalbés | 6 |
| SERGIO | Viveiro CF | 6 |
| JAVI | RC Villalbés | 5 |
| LEO | Milagrosa | 4 |
| MIGUEL | Milagrosa | 4 |
| CRISTIAN | RC Villalbés | 4 |
| VICENTE | RC Villalbés | 4 |
| MARIO | RC Villalbés | 4 |
| MARCOS | Viveiro CF | 4 |
| BUIDE | CD Lugo B | 3 |
| ANXO | RC Villalbés | 3 |
| ÓSCAR | RC Villalbés | 3 |
| JOAO | Viveiro CF | 3 |
| MANU F. | CD Lugo B | 2 |
| CRIS | Milagrosa | 2 |
| BORJA | Milagrosa | 2 |
| LOSADA | RC Villalbés | 2 |
| VEIGA | Viveiro CF | 2 |
| ROSON | CD Lugo B | 1 |
| CRISTIAN | Milagrosa | 1 |

### Pichichi — INFANTIL SUPERIORES

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| XOEL F. | SD Viveiro | 16 |
| JOSE | CD Lugo | 15 |
| ADRI | SD Viveiro | 14 |
| ANDRÉ | CD Lugo | 10 |
| DIEGO | CD Lugo | 10 |
| DANI | CD Lugo | 7 |
| SAMUEL | SD Viveiro | 3 |
| BRUNO | CD Lugo | 2 |
| XAVI I. | CD Lugo | 2 |
| RAFA | SD Viveiro | 2 |
| DAVID DIAZ | SD Viveiro | 2 |
| JAVI R. | SD Viveiro | 2 |
| RAÚL V. | CD Lugo | 1 |
| PEPE | CD Lugo | 1 |
| LUCAS | CD Lugo | 1 |
| VILLA | CD Lugo | 1 |
| ÁLEX | CD Lugo | 1 |
| XAVI V. | CD Lugo | 1 |
| MANU | CD Lugo | 1 |

### Regularidade — INFANTIL SUPERIORES

| Xogador | Equipo | P. |
|---|---|---|
| ADRI | SD Viveiro | 17 |
| MATEO | SD Viveiro | 11 |
| JAVI B. | SD Viveiro | 11 |
| XOEL FERRO | SD Viveiro | 8 |
| SAMUEL | SD Viveiro | 7 |
| DAVID A. | SD Viveiro | 5 |
| NAIM | SD Viveiro | 4 |
| XOEL P. | SD Viveiro | 4 |
| RAFA | SD Viveiro | 4 |
| ÁLVARO | SD Viveiro | 4 |
| JAVI ILLÁN | SD Viveiro | 3 |
| ISRA | SD Viveiro | 3 |
| JUAN LIZ | SD Viveiro | 2 |
| DAVID M. | SD Viveiro | 2 |
| IAGO VIEIRA | SD Viveiro | 2 |
| DAVID DIAZ | SD Viveiro | 1 |
| ARZA | SD Viveiro | 1 |
| MATÍAS | SD Viveiro | 1 |

# Triunfo vital para o Lugo antes de dúas etapas alpinas

**TRAS IMPOÑERSE A DOMICILIO AO ÚLTIMO CLASIFICADO** e saír dos postos de descenso, os de Bruno Rodríguez mídense a Rácing de Santander e Sporting de Gijón nas seguintes citas

**MARINA SPORT 0 - 2 CD LUGO**

**Goles:** Gabarre (2)




**Árbitro:** Manuel Sánchez López **Campo:** Soto de La Marina

Triunfo vital para o Lugo nun encontro trampa e complicado en Santander ante un Marina Sport que malia ser o último clasificado, sempre vende moi cara a derrota en casa, e nesta ocasión non foi unha excepción.

O Lugo presentouse ao encontro con moitas caras novas no once inicial, no que destacaban a titularidade de catro xogadores con ficha B -Chanza, moi seguro baixo paus, Yago Fernández no lateral dereito, Castrín xa asentado no centro da defensa e con Herrero, moi activo, por banda esquerda- logrando os tres puntos antes de medirse a dous cocos da competición como son Rácing de Santander e Sporting de Gijón.

O vento e as reducidas dimensións do terreo de xogo foron protagonistas ao longo do encontro. Na primeira parte o Lugo tivo que pelexar contra o aire en contra, e iso ante unha defensa de cinco tan poboada nun campo pequeno, limitou as aproximacións á área rival.

Tocou sufrir nos primeiros corenta e cinco minutos e o Lugo púxose o mono de traballo, apertou os dentes e saíu con vida dos seus peores momentos nos que máis apertaba o Mariña, que ata se adiantou no marcador, pero o seu gol foi anulado por fóra de xogo nunha primeira parte na que a ocasión máis clara para o Lugo foi un man a man de Herrero tras pase de Gabarre no que o extremo cruzou en exceso o remate final.

**"CONSEGUIMOS UNHA IMPORTANTE VITORIA NUN ENCONTRO MOI COMPLICADO"**

BRUNO RODRÍGUEZ - CD Lugo

Tras saír con vida da primeira parte chegaba a quenda de coller as rendas do partido co aire a favor. Con todo, o partido apenas tivo continuidade nos primeiros minutos, con moitas interrupcións e faltas que non beneficiaban a un Lugo que, con todo, atopou o camiño do gol tras unha contra por banda esquerda entre Luis e Herrero que culminou Gabarre cun certeiro remate.

O Marina adiantou liñas e creou perigo en accións a balón parado, especialmente tras un saque de esquina no que Chanza se luciu para evitar o empate sacando unha man milagrosa, polo que o Lugo non puido respirar tranquilo ata o último minuto no que Gabarre volveu finalizar unha contra de Luis con pase da morte.

**Próxima xornada**

O Lugo, que repetirá viaxe a Santander, mídese nesta ocasión co Rácing, cuarto clasificado da División de Honra xuvenil, que chega tras asaltar Abegondo esta última xornada na que se impuxeron ao Deportivo por dous goles a un. Os de Bruno García volverá á Cheda na seguinte cita recibindo ao segundo clasificado, o Sporting de Gijón.


Gabarre, autor dos dous goles, felicitado por Vila nun encontro disputado na Cheda

**4**

**XOGADORES** con ficha B foron titulares neste encontro. Chanza baixo paus, Yago Fernández no lateral dereito, Castrín no centro da defensa e Herrero no extremo esquerdo do ataque albivermello




Asier anticipándose a un dianteiro do Ourense


Rosón co balón controlado en medio campo


Samuel rabuñando o balón dende o chan a un rival

# Remontada exprés do Ourense

**O LUGO B TIVO MÁIS DOMINIO E OCASIÓNS,** chegando ao descanso con 1-0, pero no segundo tempo, en apenas tres minutos, os visitantes déronlle a volta ao marcador con dúas accións de fútbol directo

**CD LUGO B** 1 | 2 **OURENSE CF**

**Gol:** Leandro | **Goles:** Sanuel e Kevín




**Árbitro:** Pedro Castro, Miguel Pin e Maniel Rodríguez **Campo:** Municipal A Cheda

O Lugo B foi mellor que o Ourense en todo menos no marcador final. Un 1-2 propiciado por dúas accións de fútbol directo no ecuador da segunda parte coas que os visitantes remontaron o encontro en apenas tres minutos de xogo.

Ata entón, malia que o Ourense comezou o encontro cun disparo ao largueiro da portaría defendida por Rusu -ao estar Chanza citado co primeiro equipo, igual que Yago Fernández, Castrín e Herrero- o dominio ao longo dos primeiros corenta e cinco minutos foi para os de Brais Prados.

Á media hora de xogo unha combinación entre Leandro e Brian terminou cun disparo de Leandro desde a frontal da área que supuxo o un a cero.

O Lugo B tivo o control do xogo, pero sen demasiadas chegadas á área rival, sendo a ocasión do gol a máis clara da primeira parte.

Tralo descanso o Ourense adiantou a liña de presión e o Lugo B tivo máis espazos á contra para ampliar a vantaxe, como unha vaselina de Manu que sacou un defensa visitante sobre a liña de gol. Tamén Brian, cun remate que se foi ao lateral da rede, estivo preto do dous a cero, pero o Ourense saíu con vida e mediada a segunda parte protagonizou unha remontada exprés en dúas accións similares de fútbol directo. Na primeira, o gol do empate chegou con fortuna para os visitantes ao desviar Asier o disparo a porta, e practicamente na seguinte acción, un balón directo ás costas da defensa albivermella significou o un a dous.

Con vinte minutos por diante o Ourense replegouse e fíxose forte en defensa co marcador a favor ante un Lugo B que buscou sen éxito o empate, malia que Manu e Fonseca mostráronse incisivos por banda aínda que sen atopar rematador nos seus centros á área.

Ao final, derrota pola mínima nun encontro no que o Lugo B foise aos vestiarios coa sensación de ser mellor que o seu rival en todo menos no marcador final.

**Próxima xornada**

O Lugo B viaxa a Nigrán para medirse cun Val Miñor B inmerso na loita pola permanencia na categoría de prata. No partido da primeira volta os lucenses xa gañaron por tres goles a cero na Cheda.

# Cara ou cruz para o Villalbés ante o Val o próximo domingo

**3**

**OCASIÓNS** moi claras tivo o Rácing Villalbés na primeira parte para chegar con máis renta que o 0-1 ao descanso do encontro

**TRAS CAER EN OURENSE** nun encontro cunha parte para cada equipo, os de Cholas xóganse gran parte da permanencia co Roca como principal aliado


Gabri anticipándose a un rival baixo a mirada de Martín

**UD OURENSE** 2 | 1 **RC VILLALBÉS**

**Gol:** Xacobo e Jesús | **Gol:** Speedy




**Árbitro:** Adrián Estévez, Brais Rodríguesz e Pablo Graña **Campo:** Municipal de Oira

O Rácing Villalbés quedouse sen un dos dous comodíns para engancharse de cheo á loita pola permanencia na Liga Nacional xuvenil. Os de Cholas caeron en Ourense tras un encontro cunha parte para cada equipo no que os locais foron máis contundentes nas áreas para remontar o cero a un co que se chegou ao descanso.

Agora todas as miradas están fixadas no próximo encontro ante o Val no Roca. Penúltimo contra antepenúltimo distanciados por tan só un punto.

> **"PAGAMOS MUY CAROS LOS ERRORES QUE COMETIMOS EN AMBAS ÁREAS, TRAS UNA PRIMERA PARTE MUY BUENA EL RESULTADO AL DESCANSO FUE CORTO Y EN LA SEGUNDA MITAD EL RIVAL FUE MEJOR"**
>
> **CHOLAS** - Rácing Club Villalbés

A folla de ruta para este encontro, no que o Roca será o principal aliado dos chairegos está marcada e é a primeira parte que disputaron en Ourense. Conscientes da importancia do encontro o Rácing asinou a mellor media hora da tempada, na que inaugurou o marcador aos dous minutos por medio de Speedy, iniciando un carrusel de ocasións sen finalizar que deixaron con vida ao Ourense de cara á segunda parte.

Speedy, cun man a man e un remate ao que non chegou por pouco no segundo pau a porta vacía, foron as ocasións máis claras nunha primeira parte na que Anxo, cun remate desde dentro da área, que non atopou portería, tamén acariñou o cero a dous.

O cero a un co que se chegou ao descanso semellaba curto, pero a idea na segunda parte era clara, buscar o cero a dous. Con todo o Ourense foi mellor no segundo tempo e con dous centros laterais deulle a volta ao marcador, deixando ao Villalbés sen marxe de erro para recibir ao Val a próxima xornada.

**OS MELLORES**

| RC VILLLABÉS | |
|---|---|
| MARCO | 3 |
| ANXO | 2 |
| SPEEDY | 1 |

# As áreas e os goles foron os ausentes no derbi

**TÁBOAS NUN ENCONTRO CON MÁIS DISPUTAS QUE FÚTBOL,** cun reparto de puntos que non satisface a ningún dos dous equipos de cara aos seus obxetivos




**Árbitro:** Jesús López, Rubén Folgueira e Javier Botana **Campo:** Estadio Roca, Vilalba

**4º**

**EMPATE** a cero goles esta tempada para a Residencia, mentres que o Villalbés B encadea dous resultados de 0-0 consecutivos no Estadio Roca



Miguel co balón controlado ante Fonseca e García en medio campo

**"A SITUACIÓN DA SEGUNDA PARTE NON SE PODE REPETIR PORQUE SE NON NON VAMOS PODER SER UN EQUIPO COMPETITIVO"** IVÁN LAMAS - Rácing Club Villalbés

**"COMPETIMOS BEN NUN TERREO DE XOGO NO QUE NON SE PODÍA FACER NADA DO FÚTBOL QUE NOS GUSTA REALIZAR"**
ADRIÁN VÁZQUEZ - SDC Residencia

**OS MELLORES**

| VILLALBÉS B | | RESIDENCIA | |
|---|---|---|---|
| MIGUEL | 3 | ADRI | 3 |
| SANTI | 2 | D. REVUELTA | 2 |
| DENÍS | 1 | CONDE | 1 |

Rácing Villalbés B e Residencia empataron a cero no Roca nun derbi que camiñou con paso firme cara a este resultado final desde os primeiros minutos.

De inicio os dous equipos fixeron máis fincapé en non encaixar que en buscar a portería rival, de aí a que as áreas fosen as principais ausentes, tan só tendo algo de protagonismo en accións a balón parado.

A loita librouse no medio campo, lonxe das áreas, cos dous equipos intensos nas disputas. O Vilalbés B na primeira parte intentou xerar perigo por banda, sobre podo por medio de Miguel, que foi o mellor xogador racinguista ao longo dos noventa minutos, mentres que a ocasión máis clara para os de Iván Lamas na primeira parte foi para Denís, cun remate de volea á media hora de xogo ante a que respondeu con seguridade Sanmi baixo paus.

A Residencia foi de menos a máis ao longo do encontro. Primeiros asentouse en defensa e no mediocampo, buscando o gol en accións a balón parado nas que Conde, por dúas ocasións, estivo preto de inaugurar o marcador.

Coas espadas en todo o alto chegouse á segunda parte na que se esperaba un derbi máis aberto. Con todo, o Villalbés B deixouse a intensidade nos vestuarios asinando unha segunda metade moi discreta, sobre todo tendo en conta a necesidade de puntos que teñen os chairegos.

A Residencia, que nunca se atopou cómoda sobre o terreo de xogo, volveu dispoñer das súas mellores ocasións a balón parado. Nun córner Pedro evitou o cero a un con axuda do largueiro e na segunda Sergio Daniel non atopou portería cun remate de cabeza.

Sanmi tamén foi protagonista do empate ao despexar un disparo de Diego desde a frontal da área na ocasión máis clara do Rácing Villalbés B na segunda parte.

Co cero a cero final, a Residencia mantense fóra dos postos de descenso, mentres que o Villalbés B, antepenúltimo, esta a seis puntos dos postos de permanencia. Na próxima xornada a Residencia recibe na Cheda ao Bergantiños, mentres que os de Iván Lamas mídense co quinto clasificado a domicilio, un Rácing de Ferrol B que é unha das revelacións desta Liga Galega xuvenil.



De la Iglesia rabuñándolle o balón a Gabri dentro da área



García e Iván asediando a Gabri nun balón colgado á área capitalina



Os dous conxuntos saltando ao terreo de xogo co trío arbitral antes de comenzar o encontro no Roca

# A lesión de Noel eclipsou o encontro no Marcos Gómez

**O NOVE CELESTE** retirouse lesionado con doenzas no mesmo xeonllo do que xa se recuperara




**Árbitro:** Ángel Ron, Raúl López e Jorge Michelena

**"UN FUERTE ABRAZO A NOEL, ESPERAMOS QUE NO SEA NADA Y QUE ESTÉ PRONTO CON NOSOTROS DE NUEVO. ÁNIMO"**
ANTONIO SERRANO - Viveiro CF

Todo o Viveiro rematou o partido coa cabeza baixa e desanimado, non polo un a dous co que perderon o encontro ante o Ural B, senón pola retirada do terreo de xogo de Noel a falta de dez minutos, cando os celestes buscaban e merecían o empate. O nove do Viveiro retirouse lesionado do mesma xeonllo que o tivo un longo periodo de tempo apartado dos terreos de xogo, polo que á espera do que certifiquen os resultados médicos, toda a familia celeste e o fútbol base desexa que non sexa nada grave nesta ocasión.

**OS MELLORES**

| VIVEIRO CF | |
|---|---|
| JUAN | 3 |
| XOEL EIJO | 2 |
| JUAN VALE | 1 |

Ata entón viuse un partido intenso e igualado, no que o Viveiro foi mellor, ata cando o marcador era de cero a dous. Na primeira parte non houbo goles, pero os de Antonio Serrano apenas concederon un man a man, mentres que a falta de pausa lles penalizou nos últimos metros para poder adiantarse no marcador.

Ao comezo da segunda parte, cando mellor estaba o Viveiro, chegou o cero a un. e sen marxe para a reacción o cero a dous seis minutos despois. A partir de aí, lonxe de baixar os brazos, Juan recortou distancias e o Viveiro iniciou un carrusel de ocasións sen finalizar nun tramo final marcado pola lesión de Noel.


Hugo, Manu F., Juanma, Andrés e Freire celebrando o gol

# O Lugo mantén a xeira triunfal cun gol de Borja

**INSTALADOS NO PODIO,** os albivermellos sumaron a cuarta vitoria consecutiva no debut do infantil Manu Ferreiro na División de Honra

| CD LUGO | 1 | 0 | RÁCING DE FERROL |
|---|---|---|---|
| Gol: Borja. | | | |




**Árbitro:** Jorge Méndez, Antón Llenderrozas e José Luis Cabanas **Campo:** A Cheda

Un solitario gol de Borja a falta de tres minutos para o final do encontro deulle os tres puntos en xogo a un Lugo que mantén a xeira triunfal e o seu posto no podio da División de Honra cadete, competición na que debutou o infantil Manu Ferreiro disputando con moitísima frescura e acerto os minutos que estivo no terreo de xogo.

A igualdade foi a tónica dominante na Cheda, cun Lugo asentado en defensa sen conceder apenas algunha chegada illada nos primeiros corenta minutos, mentres que en ataque Jorge, cunha vaselina que se foi fóra e un disparo de Pablo lixeiramente desviado, foron as ocasións máis claras para romper o cero a cero inicial co que se chegou ao descanso.

**22**

**PUNTOS** lle quedan ao Lugo para igualar os 62 que conseguira a tempada pasada. Restan por disputar 39, polo que o reto se superala puntuación e o cuarto posto na táboa segue en pé

A segunda parte foi un pouco máis aberta, sobre todo co paso dos minutos, pero a sensación era de que o partido acabaría con cero a cero.

Os cambios realizados por Dani Galán déronlle un plus ao equipo e Borja dispuxo da súa primeira ocasión cun remate de primeiras que se foi fóra por pouco.

Manu Ferreiro, en idade infantil, disputou os seus primeiros minutos en División de Honra con boas accións nun tramo final de partido no que o Lugo conseguiu o máis difícil, romper as táboas no marcador.

A falta de tan só tres minutos para o final, Freire fabricou a xogada do gol por banda, sacando un centro á área para que Borja, na súa segunda ocasión do encontro, atopase o camiño do gol.

A partir de aí o Rácing de Ferrol envorcouse en busca do empate, dispoñendo de dúas faltas afastadas que colgaron á área, pero nas que o Lugo mostrou moita seguridade e contundencia para asegurar os tres puntos en xogo.

**Próxima xornada**

O Lugo viaxa a Oroso para medirse cun rival inmerso na loita polo descenso. Na primeira volta os de Dani Galán impuxéronse por un a cero e agora buscarán tres puntos máis para seguir instalados no podio da clasificación.


Borja, autor do único gol, controlando o balón ante un rival


Pablo escondéndolle o esférico a un xogador ferrolán

# O Viveiro diluíuse co paso dos minutos ante o Ural B

**A ANSIEDADE POR PUNTUAR** xogou en contra dos celestes ante un rival sen presión a nivel clasificatorio

| VIVEIRO CF | 0 | 3 | URAL B |
|---|---|---|---|
| | | | Goles: Adrián e Marco (2) |




**Árbitro:** Jorge Michelena, Ángel Ron e Raúl López

**"TENEMOS QUE SEGUIR CRECIENDO INDIVIDUAL Y COLECTIVAMENTE PARA BUSCAR UN RESULTADO POSITIVO QUE NOS ENGANCHE CUANTO ANTES A LA PERMANENCIA"**

SERGIO IGLESIAS Viveiro

**OS MELLORES**

| VIVEIRO CF | |
|---|---|
| CARLOS | ⓛⓛⓛ |
| LUCAS | ⓛⓛ |
| JOAO | ⓛ |

Quinta derrota consecutiva para un Viveiro que se xoga gran parte das súas opcións de permanencia as dúas próximas xornadas ante Bergantiños B e no derbi coa Milagrosa en Viveiro, en senllos encontros nos que os de Sergio Iglesias terán que reconciliarse co gol -tan só dous a favor nos últimos encontros- para ter opcións de vitoria.

Ante o Ural B o Viveiro tivo dúas caras. A primeira nos primeiros corenta minutos nos que foron moi competitivos e fixeron méritos para chegar ao descanso con vantaxe, e a segunda na reanudación na que os celestes acusaron a ansiedade por sumar ante un rival moito máis solto no terreo de xogo.

O ritmo imposto polo Viveiro na primeira parte foi moi alto, con chegadas por banda de Lucas e varios remates sen o premio do gol para Adrián e Mendaña. Con todo, a pegada correu a cargo dos visitantes ao inaugurar o marcador nunha acción illada tras un saque de esquina ao filo do descanso.

Xa na segunda parte a ansiedade atenazou a un Viveiro que, tras encaixar dous goles á contra, viu como as súas opcións de puntuar ante un Ural B sen presión, se esfumaban.

Agora, unha semana de adestramentos para chegar da mellor forma posible á final de Carballo, onde ademais dos tres puntos en xogo, o Viveiro defenderá o 2-1 da ida para ter en conta o golaverage particular.

# O Montañeros monopolizou a contundencia nas Gándaras

**PARTIDO CERRADO E IGUALADO** que se desnivelou na segunda parte tralo cero a un do cadro herculino

| CD LUGO B | 0 | 2 | MONTAÑEROS |
|---|---|---|---|
| | | | Goles: Jose e Luis. |




**Árbitro:** Marco Fernández, Adrián López e Fernando.

**2º**

**CLASIFICADO**

O Montañeros, con 49 puntos, está en postos de ascenso á División de Honra cadete. Un obxetivo que comparten con Boiro e Compostela

**9º**

**CD LUGO B,** que pese a derrota segue na zona noble da táboa con 10 puntos de marxe sobre os postos de dencenso a Liga Autonómica

O Lugo B competiu moi ben e vendeu cara a derrota ante o segundo clasificado, un Montañeros que tirou de efectividade para levarse os tres puntos das Gándaras e seguir con vantaxe na loita que mantén con Boiro e Compostela por dar o salto de categoría.

Desde os primeiros minutos a igualdade foi máxima, con moita loita no medio campo e cos lucenses multiplicándose para igualar a superioridade física do rival.

Na recta final da primeira parte os de Antón Méndez dispuxeron das súas mellores ocasións para adiantarse no marcador, tras senllas accións a balón parado cunha falta lateral e un córner nas que o un a cero estivo a piques de caer.

Pola súa banda o Montañeros, na primeira parte, tan só inquietou con algún disparo afastado sen problemas para Parga, mentres que nada máis empezar a segunda parte, aos catro minutos, chegou o cero a un nunha acción illada que terminou cun certeiro remate no segundo pau, xa con Nacho baixo paus.

A partir de aí o Lugo B subiu a liña de presión e foise a polo empate con descaro, dispoñendo por medio de Pérez e Ayman, que revolucionaron ao equipo coa súa entrada, das mellores ocasións. Con todo, o Montañeros exhibiu a súa solvencia defensiva e monopolizou a pegada para levar o marcador ata o cero a dous cun lanzamento de falta directa no último minuto.


Noel a piques de controlar o balón ante Nico


Carlos, co balón, ante Hugo nun lance pola banda


O chairego Óscar trata de frear o avance de Mario

# O Rácing Villalbés sae por primeira vez do descenso

**TRAS IMPOÑERSE CUN GOL DE MIGUEL NO DERBI** ante unha Milagrosa que mereceu máis. Os chairegos suman 2 vitorias consecutivas e 4 encontros sen perder

**20**

**XORNADAS** levaba o Rácing Villlabés en postos de descenso. As dúas últimas vitorias sacaron aos de Jandro Novoa dos catro últimos postos na ronda 21 da tempada, logo de sumar 8 dos últimos dez puntos en xogo na Liga Galega cadete




**Árbitro:** Sadoum Bahia, Carlos Casás e Brais Piñeiro **Campo:** Frigsa

**OS MELLORES**

| RC VILLALBÉS | | SDC MILAGROSA | |
|---|---|---|---|
| DIEGO | 3 | MIGUEL | 3 |
| MIGUEL | 2 | BRAIS | 2 |
| ALBERTO | 1 | MARIO | 1 |

O Rácing Villalbés impúxose no derbi Provincial á Milagrosa no Roca, e tras encadenar dúas vitorias consecutivas e catro partidos sen perder, os de Jandro Novoa saen por primeira vez esta tempada dos últimos catro postos da Liga Galega cadete.

A Milagrosa foi superior e mereceu máis, pero o porteiro racinguista Diego xogou con chaleco antibalas, realizando varias intervencións de gran mérito para deixar a súa portería a cero ata que apareceu Miguel para poñer o balón en toda a escuadra a falta de dez minutos e desnivelar o derbi Provincial.

Ata entón a Milagrosa volveu evidenciar os problemas que teñen os de Madriles co gol. Nada máis empezar, aos cinco minutos, Javi sacou sobre a liña de gol un remate de Mario tras saque de esquina no que os capitalinos reclamaron sen éxito que o balón traspasara a liña de gol. Pouco despois Marco plantouse no man a man ante Diego, e o porteiro local empezou demostrar que sería moi difícil superalo, gañándolle a partida ao punta.

Rafa, cun disparo que non atopou portería de novo só ante Diego, ampliou o goteo de ocasións para unha Milagrosa que se empezou a desesperar moi pronto ao ver o carrusel de ocasións que xeraba sen finalizar, mentres que o Rácing Villalbés saía con vida dos seus peores momentos con Diego á fronte, Miguel xerando perigo e con Alberto no centro do campo por primeira vez esta tempada dándolle sostento ao equipo.

Na primeira parte tan só Javi, cun disparo que atallou sen problemas Borja, levou perigo para un Villalbés que seguiu vivo esperando a que chegase o seu momento.

**"SUPIMOS SUFRIR EN LOS MOMENTOS QUE MÁS NOS DOMINARON PARA CONSEGUIR UNA IMPORTANTE VICTORIA PARA NOSOTROS ANTE UN GRAN RIVAL"** JANDRO NOVOA - Rácing Club Villalbés

**"TENEMOS QUE CONSEGUIR CUANTO ANTES LOS PUNTOS SUFICIENTES PARA ASEGURARNOS LA PERMANENCIA"** MADRILES - SDC Milagrosa

Tralo paso polos vestiarios mantívose o guión. Coa Milagrosa asediando a Diego con ocasións moi claras a balón parado e en xogada, pero todas elas cun mesmo desenlace.

O Rácing Villalbés mantívose a flote e o seu momento chegou na recta final, cando Miguel, a falta de dez minutos, puxo o balón en toda a escuadra, lonxe do alcance de Borja, para desnivelar o derbi Provincial.

O asedio da Milagrosa continuou nos últimos minutos, pero o Rácing, da man de Diego, deixou a súa portería a cero para sumar a súa segunda vitoria consecutiva, cuarta xornada seguida sen perder e saír desta forma dos postos de descenso por primeira vez no que vai de tempada.

**1**

**GOL NO DERBI** pese ás numerosas ocasións que se viron, a maioría da Milagrosa, que sen embargo rematou o encontro a cero, mentres que o Villalbés, cun golazo de Miguel, desnivelou o marcador

**4**

**ENCONTROS** consecutivos sen perder para o Villalbés con dous empates e dúas vitorias, sendo a mellor xeira de resultados positivos esta tempada para os de Jandro Novoa


Os xogadores do Villalbés celebrando o gol de Miguel


Diego despexando un remate de Marco na área pequena


Alberto anticipándose a Miguel nun balón aéreo


David encarando a Hugo ante a mirada de Alberto

# Mateo asinou a remontada con dous goles olímpicos

## O XOGADOR CELESTE FOI O AUTOR DOS DOUS TANTOS, ambos de saque de esquina directo, cos que o Viveiro lle deu a volta a un encontro efectivo, pouco vistoso e con 5 expulsións

| SD VIVEIRO | 2 | 1 | GALICIA DE CARANZA |
|---|---|---|---|
| **Goles:** Mateo (2) | | | **Gol:** Anxo |




**Árbitro:** David Méndez Moreda, Jorge Michelena e Virginio Polo **Campo:** Marcos Gómez

Mateo Dean foi o gran protagonista do encontro e da xornada no fútbol base lucense tras darlle a vitoria ao Viveiro con dous goles olímpicos, tras saques directos de córner.

Todo iso nun partido con moitas incidencias, pouco vistoso, con moitas interrupcións e con cinco expulsións, pero sobre todo cunha remontada do Viveiro que vale pola primeira vitoria nesta segunda fase coa que os de Fidi enganchanse de cheo á loita pola permanencia.

De inicio o partido estaba condicionado polas adversas condicións climatolóxicas, co aire soprando en contra do Viveiro na primeira parte, pero aos dez minutos o encontro púxose de cara coa primeira expulsión do partido, a do porteiro visitante que cortou coa man o balón fóra a área cando Adri encaraba a portería rival.

Pese a xogar en superioridade numérica o Viveiro tivo moitos problemas para crear xogo co vento en contra, e tan só tivo perigo con algún disparo afastado. Pola súa banda o Galicia Caranza, que na xornada inaugural gañara con moita suficiencia no Marcos Gómez, atopouse co un a cero tras unha falta afastada na que o aire xogou un papel protagonista.

### "SUMAMOS TRES PUNTOS MUY IMPORTANTES EN UN PARTIDO FEO"

**FIDI** - Viveiro SD

### OS MELLORES

**VIVEIRO SD**

| | |
|---|---|
| ISRA | ⚽⚽⚽ |
| D. ÁLVAREZ | ⚽⚽ |
| ÁLVARO | ⚽ |

### 3

**MELLORES**
Fidi destacou a Isra, Dani Álvarez e Álvaro, este último pese a non xogar, polo compromiso e compañeirismo dos tres pese a non dispoñer de moitos minutos

Tralo descanso, o Viveiro, co vento de cara e con dous puntas, tivo máis presenza en ataque con Mateo como protagonista.

Aos dous minutos da reanudación chegou o un a un cun córner directo e a partir de aí apenas se xogou ao fútbol. O partido entrou nunha fase de paróns, con faltas, protestas e expulsións que cortaron por completo o ritmo.

Dani e Álex Paz, segundo adestrador celeste, foron expulsados e o partido camiñaba con paso firme cara ao empate a un cando volveu aparecer Mateo Dean, no último minuto, para culminar a remontada co seu segundo gol olímpico e darlle os tres puntos a un Viveiro que estreou a conta de vitorias nesta segunda fase.



Mateo Dean, autor dos dous goles, conducindo o balón

# O vento foi o actor principal na primeira derrota do Lugo

### 5

**GOLES A FAVOR DO AIRE**
Os tantos de ambos equipos chegaron co vento a favor, dous para o Lugo na primeira parte e tres para o Victoria tralo paso polos vestiarios



Jose trata de roubarlle o coiro a un xogador rival



O central albivermello Álex despexando un balón

## CO AIRE A FAVOR, 2-0 na primeira parte.Co aire en contra dos lucenses, 2-3 ao remate do partido

| CD LUGO | 2 | 3 | VICTORIA |
|---|---|---|---|
| **Goles:** Xavi Iriarte e Diego. | | | **Goles:** Hugo, Pablo e Lucas. |




**Árbitro:** Iago Castro Peralta, Abdelouadoud Boutzakate e Brais Del Olmo **Campo:** Gándaras

Poucas veces o vento ten un papel tan protagonista nun encontro como o que tivo na derrota do Lugo ante o Victoria, sendo esta a primeira dos lucenses na segunda fase da Liga Galega infantil.

Na primeira parte o aire soprou a favor do Lugo e con iso os de Jony tiveron o control do partido, dominando en campo rival pero sen xerar excesivas ocasións de gol ante un Victoria ben armado en repliegue.

No ecuador da primeira parte chegou o un a cero. Un gol que asinou Xavi Iriarte cun lanzamento de falta afastada que se foi envenenando co aire ata sorprender ao porteiro herculino, mentres que Diego, tralos seus dous goles a xornada pasada en Santiago, volveu acudir á súa cita co gol nesta ao culminar a mellor xogada da primeira parte para levar o marcador ata o cero a dous ao descanso.

As tornas cambiaron tralo intermedio. O aire na segunda parte soprou a favor do Victoria e aos oito minutos exerceu de novo un papel protagonista no un a dous tras un centro chut desde practicamente o córner, e tan só cinco minutos despois os herculinos empataron o encontro cun golazo.

Con dous a dous no marcador o Lugo chegou excesivamente replegado ao tramo final de partido no que o Victoria culminou a remontada na recta final, a falta de seis minutos, tempo no que os lucenses buscaron de novo o empate pero sen poder xerar ocasións claras de gol.

### 1

**DERROTA NO GALEGO** O Lugo, que sumaba por vitorias os seus encontros, sufriu a primeira derrota antes de visitar na próxima xornada ao Celta de Vigo na Madroa

**Próxima xornada**

O Lugo presentarase na Madroa a próxima xornada sen nada que perder, pero moitísimo que gañar ante un dos grandes aspirantes ao título de Liga, un Celta de Vigo que é líder da competición con pleno de puntos.

# Becerreá rabuñou un punto

**TRAS POÑERSE 2-0 NOS PRIMEIROS MINUTOS,** o Polvorín desconectouse e os de Richard aproveitaron para recortar distancias antes do descanso e empatar na segunda parte

| EF POLVORÍN | 2 | 2 | BECERREÁ |
|---|---|---|---|
| **Gol:** Yaguito e Jose. | | | **Goles:** Otero e Guayen. |




**Árbitro:** Jorge Carballido Vega **Campo:** O Polvorín

**"NUESTRA DESCONEXIÓN DEL PARTIDO NOS COSTÓ DOS PUNTOS QUE TENIAMOS BIEN ENCARRILADOS"**
**CABALLERO** - EF Polvorín

**"CONSEGUIR UN PUNTO DESPOIS DE ENCAIXAR DOUS GOLES EN DEZ MINUTOS É PARA ESTAR CONTENTOS"** **RICHARD** - Becerreá

**OS MELLORES**

| POLVORÍN | | BECERREÁ | |
|---|---|---|---|
| JOSE | ●●● | ANTÓN | ●●● |
| JAVI | ●● | GUAYÉN | ●● |
| YAGUITO | ● | NOEL | ● |


O amarelo Yaguito e Higinio loitan un balón


Guayén a piques de controlar ante Nico


Sergio leva o balón de espuela ante Conde


Lucas conducindo o coiro por diante de Igor

Pese a que se repartiron os puntos tralos 80 minutos disputados en Montirón, as sensacións ao final do encontro foron de que un equipo gañaba un e o outro perdía dous. O Becerreá foi quen saíu gañando do empate no Polvorín, tras selar un 2-2 no marcador logo de que o equipo local se adiantara na primeira acción do encontro e encamiñara o triunfo co 2-0 no minuto 15.

O inicio dos amarelos non puido ser millor. Tras sacar de centro os visitantes, o Polvorín roubou o coiro, abriu a banda para Pablo Vázquez e este centrou para que Jose rematara a portería e puxera o 1-0 cando apenas se disputaran 30 segundos de encontro. Con este gol o Polvorín xogou sen presión e moi cómodo durante os primeiros vinte minutos, nos que Yaguito ampliaba a vantaxe co 2-0 tras unha xogada ensaiada ao saque dun corner.

A partir de aí chegou a desconexión amarela, que aproveitou o Becerreá para recortar distancias antes do descanso cun gol moi lonxano de Otero de falta directa.

No intermedio Caballero intentou meter aos seus de novo no encontro, que pese a recuperar un pouco as sensacións na reanudación, non volveu ter ritmo no xogo.

Guayén aproveitaba un balón ao espacio para facer o 2-2 con 30 minutos aínda por diante, e pese a que o Polvorín foise arriba en busca do gol da vitoria, non estiveron acertados de cara a porta e o resultado xa non se movería.

## O Burela recupera sensacións cun triunfo e bo xogo na Cheda

| SDC RESIDENCIA | 0 | BURELA SD | 4 |
|---|---|---|---|
| Juanillo | | Santi | |
| Antón | | Gayoso | |
| Vidal | ●●● | Pardo | |
| Zurdo | | Mateo | |
| Sergio | | Lestegás | |
| Samuel | ● | Iván | ● |
| Xoel | | Iago | |
| Nico | | Otero | ●● |
| Pipi | | Rafa | |
| Corredoira | | Dani | |
| Goás | ●● | Soto | ●●● |
| Lois | | Ramiro | |
| Sebas | | Kemer | |
| Cernuda | | Gildane | |
| Manu | | Orosa | |

**Goles:** Pardo, Iván e Rafa (2) fixeron os goles para o Burela.

**Arbitro:** Anaí Vázquez Expósito

**"CRUDA REALIDADE. O RIVAL FOI SUPERIOR E NON HAI NADA QUE OBXECTAR A ESTE RESULTADO"**
**KUBALA** - SDC Residencia

**"TEMOS QUE SAÍR CON INTENSIDADE DENDE OS PRIMEIROS MINUTOS"**
**ARES** - SD Burela

Os de Ares viñan de perder na xornada anterior ante o líder, Ribadeo, que esta fin de semana descansou, e necesitaban a vitoria para seguir enganchados aos postos de arriba.

Así, tras uns primeiros minutos máis dubitativos nos que a Residencia discutiulle o control do xogo, aos poucos os mariñaos foron tomando o mando e adiantáronse mediada a primeira parte, cun gol de Rafa tras un centro lateral. O propio Rafa facía apenas dous minutos despois o 0-2, e antes do descanso Pardo encamiñaba a vitoria co 0-3.

Co encontro practicamente visto para sentenza, tralo descanso o Burela durmiu un pouco o partido e, pese a que as ocasións seguiron sucedéndose, tan só Iván viu porta co definitivo 4-0 preto do final.

A próxima fin de semana a Residencia visitará ao líder da categoría, mentres que o Burela medirase na Marosa ao segundo clasificado, o Polvorín.

**Pichichi**
CADETE PROVINCIAL

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| DANI | Burela | 5 |
| NICO | Ribadeo | 5 |
| IKER | Piringalla A | 3 |
| YAGUITO | Polvorin A | 3 |
| ÁLEX | Ribadeo | 3 |
| OTERO | Becerreá | 2 |
| GUAYÉN | Becerreá | 2 |
| ANXO | Burela | 2 |
| ABUÍN | Foz | 2 |
| SERGIO | Becerreá | 1 |

**REGULARIDADE**
CADETE PROVINCIAL

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| STEVEN | Piringalla A | 11 |
| GUAYEN | Becerreá | 8 |
| DANI | Burela | 7 |
| JOSE | Polvorin A | 7 |
| MELVIN | Residencia | 7 |
| NICO | Ribadeo | 7 |
| YAGUITO | Polvorin A | 6 |
| JAVI | Polvorin A | 6 |
| ABUÍN | Foz | 5 |
| ADAN | Piringalla A | 5 |
| HUGO | Piringalla A | 5 |

## Foz estrea a conta de vitorias e frea a boa xeira da Piringalla

| CD FOZ | 3 | ADC PIRINGALLA | 1 |
|---|---|---|---|
| Youseff | | Manu | |
| Rubén | | Xoan | |
| Carlos | | Hugo | ●●● |
| Adán | | Barreiro | ●● |
| Santi | | Noe | |
| Samuel | | Ángel | |
| Pablo | ●●● | Steven | ● |
| Diego | | Adan | |
| Jose Mª | | Cristian | |
| Sergio | ●● | Iker | |
| Abuín | ● | Cristóbal | |
| David | | Aarón | |
| Nacho | | Mateo | |
| Abraham | | | |
| Jorge | | | |

**Goles:** Iker pola Piringalla. Carlos, Diego e Sergio para o Foz

**Arbitro:** Manuel Martínez Díaz

**"GRAN TRABALLO DE TODO O EQUIPO, GRAN RESULTADO"**
**BURUNDA** - CD Foz

**"ENTRENAR IGUAL A INTENSIDAD, IGUAL A COMPETITIVIDAD. NOS TOCA SEGUIR ENTRENANDO PARA UNA COMPETICIÓN TAN IGUALADA"**
**LUIS AGRA** - ADC Piringalla

Os de Burunda aínda non puntuaran na competición e fixérono ao grande, cunha remontada no Municipal e facendo un gran encontro, tanto en defensa como en ataque.

Dende o inicio os locais sorprenderon á Piringalla cunha presión alta. Pero aos dez minutos, cando mellor estaban, os laranxas inauguraron o marcador cun gol de Iker de falta directa. Este tanto non afectou aos mariñaos, que seguiron facendo o seu xogo para empatar pouco despois cun golazo de Diego. De aí ao descanso o dominio do Foz continuou, pero Manu baixo paus e as imprecisións nos metros finais impediron que se viran máis goles.

Tralo intermedio os locais sentenciaron o encontro. Primeiro cun gol de Sergio dende os once metros, e a dez para o final Carlos facía o definitivo 3-1 nun corner para darlle os primeiros tres puntos no campionato Provincial.

## CLASIFICACIÓNS

### CADETE PROVINCIAL

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Residencia - Burela | 0-4 |
| Polvorín - Becerreá | 2-2 |
| Foz - Piringalla | 3-1 |

Decansa **Ribadeo**

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| SD RIBADEO | 12 | 4 | 4 | 0 | 0 | 10 | 2 |
| EF POLVORIN "A" | 8 | 4 | 2 | 2 | 0 | 7 | 5 |
| BURELA S.D. | 7 | 4 | 2 | 1 | 1 | 14 | 5 |
| ADC PIRINGALLA | 5 | 5 | 1 | 2 | 2 | 5 | 8 |
| S.D. BECERREA | 4 | 4 | 1 | 1 | 2 | 6 | 14 |
| C.D. FOZ | 3 | 3 | 1 | 0 | 2 | 6 | 6 |
| S.D. RESIDENCIA "A" | 0 | 4 | 0 | 0 | 4 | 4 | 12 |

PRÓXIMA XORNADA

Becerreá - CD Foz
Ribadeo - Residencia A
Burela - Polvorín A

### CADETE PLAYOFF

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Monterroso - Castro | 3-1 |
| Ferroviaria - Casás | 0-2 |
| Sarriana - Lourenzá | 4-1 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| C.P. CASÁS | 12 | 5 | 4 | 0 | 1 | 13 | 6 |
| S.D. SARRIANA | 10 | 5 | 3 | 1 | 1 | 20 | 6 |
| S.D. MONTERROSO | 10 | 5 | 3 | 1 | 1 | 16 | 5 |
| C.D. CASTRO | 7 | 5 | 2 | 1 | 2 | 9 | 16 |
| E.D. LOURENZA | 4 | 5 | 1 | 1 | 3 | 6 | 16 |
| A.D. FERROVIARIA | 0 | 5 | 0 | 0 | 5 | 6 | 21 |

PRÓXIMA XORNADA

Ferroviaria - Sarriana
Castro - Lourenzá
Monterroso - Casás

### CADETE T. DELEGACIÓN

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| S. Corazón - Residencia B | 2-1 |
| SD Viveiro - Villalbés B | 4-1 |
| Piringalla B - Polvorín B | 0-3 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| RC VILLALBÉS B | 10 | 5 | 3 | 1 | 1 | 15 | 10 |
| S.D. VIVEIRO | 10 | 5 | 3 | 1 | 1 | 14 | 9 |
| S.D. RESIDENCIA "B" | 8 | 5 | 2 | 2 | 1 | 14 | 9 |
| SAGRADO CORAZON | 7 | 5 | 2 | 1 | 2 | 9 | 8 |
| EF POLVORIN "B" | 4 | 5 | 2 | 1 | 2 | 13 | 13 |
| PIRINGALLA B | 0 | 5 | 0 | 0 | 5 | 3 | 19 |

PRÓXIMA XORNADA

Piringalla B - Viveiro
Resi B - Polvorín B
Sagrado - Villalbés B

PLAY OFF | TORNEO DELEG.

## Triunfo da SD Viveiro ante o Rácing B para igualar a puntos no máis alto da táboa

Os celestes impuxéronse na casa no Torneo Delegación e apertan a clasificación con 10 puntos, os mesmos que os chairegos. Sagrado Corazón e Polvorín sumaron a segunda vitoria na competición.

No Playoff, triunfos para Monterroso, Sarriana e o líder, Casás, que se impuxo a domicilio á Ferroviaria.

## PICHICHI
INFANTIL PROVINCIAL

| Xogador | Equipo | P. |
|---|---|---|
| TONI | Villalbés A | 11 |
| FRANKLIN | Burela | 9 |
| JAVI | Becerreá | 8 |
| MARTÍN | Ribadeo | 7 |
| DEIVID | Becerreá | 6 |
| HUGO S. | Piringalla | 5 |
| ANDRÉS | Becerreá | 4 |
| TEO | Milagrosa | 4 |
| XIAN | Piringalla | 4 |
| JULIO | Resi A | 4 |
| JORGE A. | Ribadeo | 4 |
| ÓSCAR | Ribadeo | 4 |
| MATEO | Burela | 3 |
| MARTÍN | Milagrosa | 3 |
| GONZALO | Milagrosa | 3 |
| FIO | Resi A | 3 |
| CILLERO | Resi A | 3 |
| ÁNGEL | Resi A | 3 |
| MATEO B. | Ribadeo | 3 |
| DIEGO | Ribadeo | 3 |
| PABLO NO | Sarriana | 3 |
| CARLOS | Sarriana | 3 |
| SASHA | Viveiro B | 3 |
| ALEIXO | Burela | 2 |
| BORJA | Burela | 2 |
| JAVI | CD Lugo B | 2 |
| SAÚL | CD Lugo B | 2 |
| PABLO | Milagrosa | 2 |
| NACHO | Milagrosa | 2 |
| SAÚL | Resi A | 2 |
| KEVIN | Ribadeo | 2 |
| ADRI | Sarriana | 2 |
| ADAM | Sarriana | 2 |
| DIEGO R. | Villalbés A | 2 |
| PABLO | Viveiro B | 2 |
| IAGO V. | Viveiro B | 2 |
| ÁLVARO | Piringalla | 2 |

## Regularidade
INFANTIL PROVINCIAL

| Xogador | Equipo | P. |
|---|---|---|
| CARLOS | Sarriana | 14 |
| ADRI | Ribadeo | 13 |
| ANDRÉS | Becerreá | 10 |
| NACHO | Resi A | 10 |
| TONI | Villalbés A | 10 |
| JAVI | Becerreá | 9 |
| DEIVID | Becerreá | 9 |
| FRANKLIN | Burela | 9 |
| ROMÁN | Piringalla | 9 |
| HUGO S. | Piringalla | 9 |
| YAGO | Ribadeo | 9 |
| ÓSCAR | Ribadeo | 9 |
| BORJA | Villalbés A | 9 |
| YAGO | Villalbés A | 9 |
| ALEJO | Becerreá | 8 |
| ALEIXO | Burela | 8 |
| MATEO | Burela | 7 |
| SAÚL | Burela | 7 |
| NICO | Sarriana | 7 |
| XIAN | Piringalla | 6 |
| JULIO | Resi A | 6 |
| PABLO NO | Sarriana | 6 |
| PABLO B. | Burela | 5 |
| NACHO | Milagrosa | 5 |
| MARTÍN | Milagrosa | 5 |
| MATEO V. | Milagrosa | 5 |
| BRAIS | Milagrosa | 5 |
| SAÚL | Resi A | 5 |
| MATEO | Resi A | 5 |
| ÁDAM | Sarriana | 5 |
| ADRI | Sarriana | 5 |
| BARGADOS | Piringalla | 4 |
| JORGE A. | Ribadeo | 4 |
| MARTÍN | Ribadeo | 4 |
| RICARDO | Villalbés A | 4 |
| DAVID | Villalbés A | 4 |
| DANI | Becerreá | 3 |



Borja, do Villalbés, e Hugo S. da Piringalla



Antón anticipándose á entrada do laranxa Nuno



Yago co balón controlado ante Nuno e Hugo G.

# Festa de fútbol e goles con premio final para a Piringalla

**SEGUNDA VITORIA DOS CAPITALINOS** nun duelo con moitas alternativas, tanto no xogo coma no marcador, nun espectacular encontro disputado nas Gándaras

| PIRINGALLA | 4 | 3 | RC VILLALBÉS A |
|---|---|---|---|
| Goles: Xian, Álvaro (2) e Hugo S. | | | Goles: Toni (3) |




**Árbitro:** Alejandro Cillero Riveiro **Campo:** Municipal Rodríguez Lago

**OS MELLORES**

| PIRINGALLA | RC VILLALBÉS |
|---|---|
| HUGO S. | YAGO |
| IAN | BORJA |
| XIAN | GEGUNDE |

Piringalla e Rácing Villalbés disputaron un dos encontros máis atractivos da xornada, no que se viron sete goles, seis nunha primeira parte de ida e volta continua e na que Piringalla reencontrouse cunha vitoria que viña buscando e merecendo nas últimas xornadas.

Nada máis empezar o encontro Toni tivo un man a man ante Ian, pero a pegada nos primeiros minutos foi para os capitalinos.

Hugo Sánchez, espectacular nos primeiros minutos, inaugurou o marcador na primeira chegada local e fabricou o dous a cero que asinou Xián antes do cuarto de hora inicial.

Lonxe de baixar os brazos, o Villalbés recortou distancias e devolveu as táboas ao marcador por medio de Toni, que foi o mellor dos chairegos asinando unha primeira parte practicamente perfecta que rubricou con dous goles e dous man a man ante Ian.

Tras empatar a dous o Rácing, os capitalinos reaccionaron no tramo final da primeira parte coa entrada no terreo de xogo de Álvaro, que fixo o tres a dous tras un roubo de balón e o catro a dous co que se chegou ao descanso cun golazo desde fóra da área.

O Rácing Villalbés apurou as súas opcións de puntuar ao recortar distancias de novo Toni, nesta ocasión poñendo o balón en toda a escuadra para selar o seu hat trick particular e darlle emoción ao resto dun encontro no que o Piringalla resistiu en pé o asedio final dos chairegos en busca do empate.

**"NO TUVE DUDA EN NINGÚN MOMENTO DE QUE ESTA VICTORIA LLEGARÍA TARDE O TEMPRANO"** JUAN - Piringalla

**"NOS DIVERTIMOS, TRABAJAMOS DURO, JUGAMOS BIEN POR MOMENTOS PERO NO NOS LLEGÓ PARA PUNTUAR. FELICITO AL RIVAL POR LA VICTORIA"** CHOLAS - RC Villalbés

**6**

**GOLES NA PRIMEIRA PARTE** dun duelo espectacular no que Hugo Sánchez acaparou o protagonismo ao inicio, tomou o relevo Álvaro a pesar do hat trick que asinou o chairego Toni

# O Becerreá xa é unha realidade

**OS DE NICO LONGHINI** asaltaron A Marosa da man de Andrés e sitúanse a tres puntos dos postos de promoción de ascenso á Liga Galega. Segunda derrota seguida do Burela

| BURELA SD 2 | SD BECERREÁ 3 |
|---|---|
| Diego | Mito |
| Jorge N. | Dani |
| Nore | Claudio |
| Pablo B. | Alejo |
| Izan | Unai |
| Aleixo | Adrián |
| Gil | Deivid |
| Iago Ramos | Dorado |
| Ares | Diego |
| Franklin | Andrés |
| Saúl | Javi |
| Raúl | Manu |
| Óscar | Herbón |
| Mateo | |
| Félix | |

**Goles:** Saúl e Franklin polo Burela. Andrés (2) e Javi para o Becerreá.

**Arbitro:** Jorge Michelena Grandío

O Becerreá, cun partido menos que terá que disputar ante o Rácing Villalbés o próximo 26 de febreiro, está metido de cheo na loita polo Provincial e por disputar a fase de ascenso á Liga Galega infantil.

Os de Nico presentaron a súa candidatura nas últimas xornadas, pero non foi ata esta cando a selaron oficialmente tras asaltar A Marosa e propiciar un cambio de líder na competición.

O Becerreá sorprendeu cunha presión alta que non tardou en dar os seus froitos, xa que aos oito minutos Javi roubou o balón en tres cuartos de campo rival e culminou a acción para subir o cero a un ao marcador, resultado co que se chegou ao descanso, en parte por unha boa intervención de Mito na ocasión máis clara do Burela nos primeiros corenta minutos.

Nada máis empezar a segunda parte chegou o un a un por medio de Saúl, pero Andrés tomou as rendas do partido e desnivelou de novo o marcador, primeiro cun golazo de falta directa e pouco despois subindo o un a tres ao culminar unha contra.

O Burela non se rendeu e por medio de Franklin volveu soñar cos puntos, pero os de Ánxel non tiveron a contundencia que demostraron noutros encontros nos metros finais e os tres puntos fóronse para Becerreá.

**"HAI QUE SEGUIR ADESTRANDO PARA MELLORAR E NON COMETER TANTOS ERROS INDIVIDUAIS AO LONGO DOS ENCONTROS"** ÁNXEL - Burela SD

**"DEMOSTRAMOS QUE CENTRADOS PODEMOS COMPETIRLE A CUALQUIER EQUIPO"** NICO - SD Becerreá

# A Residencia, novo líder

**OS DE KAISER ASALTARON O PRIMEIRO POSTO** tras impoñerse ao Viveiro B e encadear a cuarta vitoria consecutiva. Os da Cheda xa son o único equipo invicto

| SD RESIDENCIA | 5 | 1 | SD VIVEIRO B |
|---|---|---|---|
| Gol: Julio (2), Ángel (2) e Aimar. | | | Goles: Sasha |




**Árbitro:** Brais Piñeiro Lozano **Campo:** A Cheda

**"GRAN DOMINIO DO ENCONTRO A TRAVÉS DO BALÓN. MOI BO TRABALLO DE TODOS OS RAPACES EN XERAL AO LONGO DO PARTIDO"** KAISER - Residencia

**"EN LA SEGUNDA PARTE EL EQUIPO DEMOSTRÓ LA PERSONALIDAD QUE TIENE, INDEPENDIENTEMENTE DEL RIVAL QUE TENGA EN FRENTE"**
PABLO IGLESIAS - SD Viveiro B

**OS MELLORES**

| RESIDENCIA A | | SD VIVEIRO B | |
|---|---|---|---|
| JULIO | ★★★ | - | ★★★ |
| MATEO | ★★ | - | ★★ |
| XABI | ★ | - | ★ |

A Residencia asaltou o primeiro posto do Provincial infantll tras aproveitar as derrotas de Ribadeo e Burela esta xornada, sendo os de Kaiser xa os únicos invictos.

O Viveiro B de Pablo Iglesias volveu deixar grandes sensacións malia a derrota nun partido no que ata se adiantaron no marcador co cero a un que asinou Sasha aos catro minutos.

A partir de aí, a Residencia púxose o mono de traballo e cunha boa circulación de balón foi monopolizando o encontro.

Julio empatou moi pronto e Ángel culminou a remontada antes de que Aimar asinase o tres a un co que se chegou ao descanso.

Xa na segunda parte, lonxe de baixar os brazos, o Viveiro B quixo ter máis balón, pero en fronte atopouse a un gran rival, máis forte fisicamente e coas ideas moi claras coas que continuou ampliando a vantaxe no marcador cos goles de Julio e Ángel, ambos ao culminar dous das numerosas chegadas da Residencia aos dominios de Eric e Mateo.

Ao final, cinco a un para unha Residencia que ascende por primeira vez ao máis alto do Provincial infantil. Na próxima xornada os de Kaiser farán a súa primeira defensa do liderado ante no Municipal de Becerreá, nun novo duelo de alturas.

Pola súa banda o Viveiro B recibirá no Marcos Gómez á Sarriana en busca dos tres puntos.


Xavi, da Resi, anticipándose a Pablo


Xabi conducindo o coiro diante de Álex


Anxo co balón controlado ante Sasha


Mateo presionado polo mariñán Xoel

## Gran golpe de autoridade dunha Milagrosa que volve ao podio, do que se cae o Ribadeo

| SD RIBADEO | 1 | SCD MILAGROSA | 2 |
|---|---|---|---|
| Pablo | ★ | Anxo | |
| Nacho | | Martín | |
| Hugo | | Javi | |
| Brais | | Álex | |
| Kevin | | Brais | ★★ |
| Diego | | Sufu | ★★★ |
| Martín | | Gonzalo | |
| Yago | ★★ | Diego | ★ |
| Jorge | | Mateo B. | |
| Mateo | | Hugo | |
| Cartoy | | Theo | |
| Edgar | | Nacho | |
| David B. | | Xoel | |
| Pajarito | | Marcos | |
| Óscar | ★★★ | Pablo | |
| | | Manu | |

**Goles:** Óscar polo Ribadeo. Sufu e Gonzalo para a Milagrosa.

**Arbitro:** Antonio Javier Lanzos Rey

**"SUPERADOS EN TODOS OS ASPECTOS POLA MILAGROSA, NORABOA POLA VICTORIA. AGORA TÓCANOS COMEZAR DENDE CERO"**
DONATO - SD Ribadeo

**"CON LAS OCASIONES QUE TUVIMOS DEBERÍAMOS HABER CERRADO ANTES EL PARTIDO"**
MADRILES - SCD Milagrosa


Theo e Álex celebrando un gol ante a mirada de Gonzalo

A Milagrosa terminou a xornada de novo en postos de ascenso tras impoñerse ao Ribadeo no Municipal de Foz. Un duelo de alturas no que volveu quedar claro que este Provincial infantil será de infarto ata a última xornada.

O Ribadeo, que chegaba á cita tras impoñerse en Burela, viuse superado con claridade pola Milagrosa neste encontro no que os capitalinos xeraron moitas ocasións e fixeron estragos coa defensa adiantada dos mariñaos. Pese a iso ao descanso chegouse cun axustado cero a un tralo gol de Gonzalo. Xa na segunda parte Óscar empatou cun bo remate desde dentro da área.

As táboas rompeunas Sufu ao aproveitar un agasallo de Theo para facer o un a dous nun partido no que a Milagrosa mereceu gañar con máis amplitude.

## Adri desnivelou o marcador final para a Sarriana na Ribela

| SD SARRIANA | 3 | CD LUGO | 2 |
|---|---|---|---|
| Álex | | Jairo | |
| Manu | | Adrián | |
| Óscar | | Brais | |
| Pablo | | David | |
| Carlos | ★★★ | Yago | |
| Adrián | | Manu C. | |
| Adam | | Mateo | |
| Yago | | Lucas | |
| Nico | ★★ | Antoni | |
| Alejandro | | Adrián P. | |
| Santi | | Jose | |
| Unai | | Castro | |
| Adri | ★ | Marcos | |
| Fran | | Danilo | |
| Lema | | Javi | |
| Raúl | | Lois | |

**Goles:** Carlos, Adam e Adri para a Sarriana, Jose para o Lugo.

**Arbitro:** Aitor Frean Campo

**"MUY CONTENTO Y MUY BUEN TRABAJO DE TODOS LOS CHICOS. SE DEBERÍA RESPETAR A TODOS LOS EQUIPOS POR IGUAL"**
RAÚL - SD Sarriana

Segunda vitoria consecutiva na Ribela e cuarta seguida sen perder para a Sarriana no Provincial infantil tras impoñerse ao Lugo B. Un conxunto que se presentou con Jose Rey, máximo goleador albivermello na Liga Galega, como punta de lanza na Ribela.

Con todo, os nomes propios do encontro foron da Sarriana. Carlos, ao ser o mellor xogador do partido, e Adri, autor do tres a dous co que os puntos quedáronse en Sarria.

Ata entón a posta en escena da Sarriana fora brillante, con dous goles nos primeiros dez minutos por medio de Carlos e Adan. Pouco despois Jose recortou distancias para chegar ao descanso con dous a un, mentres que Adrián Pérez fixo o empate a dous pasada a hora de partido.

No sprint final, o fútbol recompensou á Sarriana da man de Adri para poñerse de novo por diante e defender a vantaxe no marcador final ante a insistencia do Lugo B en busca dun novo empate.

## CLASIFICACIÓNS

### INFANTIL PROMOCIÓN

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| Ribadeo – Milagrosa | 1–2 |
| Piringalla A – Villalbés A | 4–3 |
| Sarriana – CD Lugo B | 3–2 |
| Residencia A – Viveiro B | 5–1 |
| Burela – Becerreá | 2–3 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| S.D. RESIDENCIA "A" | 17 | 7 | 5 | 2 | 0 | 20 | 7 |
| BURELA S.D. | 15 | 7 | 5 | 0 | 2 | 25 | 12 |
| S.C.D. MILAGROSA | 15 | 7 | 5 | 0 | 2 | 19 | 11 |
| SD RIBADEO | 14 | 7 | 4 | 2 | 1 | 25 | 13 |
| S.D. BECERREA | 12 | 6 | 4 | 0 | 2 | 20 | 16 |
| S.D. SARRIANA | 9 | 7 | 2 | 3 | 2 | 14 | 11 |
| A PIRINGALLA "A" | 6 | 7 | 2 | 0 | 5 | 13 | 23 |
| R.C. VILLALBES "A" | 5 | 6 | 1 | 2 | 3 | 13 | 19 |
| C.D. LUGO SAD "B" | 3 | 7 | 1 | 0 | 6 | 10 | 25 |
| S.D. VIVEIRO "B" | 1 | 7 | 0 | 1 | 6 | 10 | 32 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Burela - Milagrosa · Viveiro B - Sarriana
Villalbés A - Ribadeo · Becerreá - Residencia A
CD Lugo - Piringalla A

### INFANTIL PLAYOFF

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| Antas – Foz | 2–3 |
| Polvorín A – Residencia B | 4–2 |
| Casás A – Guitiriz | 6–2 |
| Castro – Pontenova | 3–0 |
| Ferroviaria A – Palas | 6–2 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| EF POLVORIN "A" | 18 | 7 | 6 | 0 | 1 | 30 | 13 |
| S.D. RESIDENCIA "B" | 13 | 7 | 4 | 1 | 2 | 18 | 12 |
| C.D. CASTRO | 11 | 7 | 3 | 2 | 2 | 21 | 14 |
| C.D. FOZ | 11 | 7 | 3 | 2 | 2 | 20 | 20 |
| C.P. CASÁS "A" | 10 | 7 | 3 | 1 | 3 | 19 | 17 |
| SP PONTENOVA | 9 | 7 | 3 | 0 | 4 | 14 | 14 |
| GUITIRIZ S.D. | 7 | 6 | 2 | 1 | 3 | 12 | 18 |
| PALAS C.D. | 7 | 6 | 2 | 1 | 3 | 15 | 22 |
| A.D. FERROVIARIA "A" | 6 | 7 | 2 | 0 | 5 | 12 | 20 |
| S.D. ANTAS | 6 | 7 | 2 | 0 | 5 | 17 | 28 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Ferroviara A - Foz · Pontenova - Casás A
Residencia B - Antas · Palas - Castro
Guitiriz - Polvorín A

### INFANTIL T. DELEGACIÓN

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| Río Ouro – Fonsagrada | Apr. |
| EF Viveiro – Corgo | Apr. |
| Sagrado – Piringalla B | 5–1 |
| Villalbés B – Polvorín B | 4–3 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| FONSAGRADA | 18 | 6 | 6 | 0 | 0 | 29 | 8 |
| C.D.CORGO | 15 | 5 | 5 | 0 | 0 | 17 | 3 |
| E.F. VIVEIRO | 10 | 5 | 3 | 1 | 1 | 21 | 11 |
| SAGRADO CORAZON | 10 | 6 | 3 | 1 | 2 | 22 | 15 |
| A.D. RIO OURO | 7 | 5 | 2 | 1 | 2 | 16 | 12 |
| R.C. VILLALBES "B" | 7 | 7 | 2 | 1 | 4 | 13 | 30 |
| A PIRINGALLA "B" | 4 | 6 | 1 | 1 | 4 | 6 | 18 |
| FERROVIARIA "B" | 3 | 6 | 1 | 0 | 5 | 6 | 24 |
| EF POLVORIN "B" | 1 | 6 | 0 | 1 | 5 | 10 | 19 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Corgo - Río Ouro · Polvorín B - Sagrado
Piringalla B - EF Viveiro · Ferro B - Villalbés B

**PLAY OFF | TORNEO DELEG.**

## O Polvorín superou á Residencia na loita polo primeiro posto nos Playoff

O duelo entre os dous primeiros clasificados solventouse con triunfo dos amarelos por 4-2, que agora aventaxan en cinco puntos aos da Cheda. Foz, Casás, Castro e Ferroviaria tamén sumaron os tres en xogo.

No Torneo Delegación dous partidos foron aprazados, mentres que Sagrado e Villalbés sumaron unha nova vitoria.

# CLASIFICACIÓNS ALEVÍN PROVINCIAL E PREVIAS COPA

## ALEVÍN PREVIA 1

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Mondoñedo B – Viveiro B | 10–0 |
| Burela B – Río Ouro | Apr. |
| Villalbés A – Villalbés B | 8–0 |
| Viveiro C – Stgo. de Foz | 4–2 |
| Villalbés C – Viveiro A | 2–4 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| S.D. VIVEIRO "C" | 13 | 5 | 4 | 1 | 0 |
| RACING C. VILLALBES "A" | 12 | 4 | 4 | 0 | 0 |
| S.D. VIVEIRO "A" | 12 | 5 | 4 | 0 | 1 |
| MONDOÑEDO CIUDAD "B" | 10 | 5 | 3 | 1 | 1 |
| R.C. VILLALBES "C" | 9 | 5 | 3 | 0 | 2 |
| AD SANTIAGO DE FOZ | 6 | 5 | 2 | 0 | 3 |
| A.D. RIO OURO | 3 | 3 | 1 | 0 | 2 |
| S.D. PORTO BURELA "B" | 3 | 4 | 1 | 0 | 3 |
| RACING C. VILLALBES "B" | 0 | 5 | 0 | 0 | 5 |
| S.D. VIVEIRO "B" | 0 | 5 | 0 | 0 | 5 |

### PRÓXIMA XORNADA

Viveiro B – Villalbés C
Stgo. Foz – Villalbés A
Río Ouro – Mondoñedo B
Viveiro A – Viveiro C
Villalbés B – Burela B

## ALEVÍN PREVIA 2

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Sarriana A – Sagrado A | 1–0 |
| Castro – Abuín A | 0–6 |
| Lucense B – Lucense A | Apr. |
| CD Lugo B – Piringalla A | 7–2 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| C.D. LUGO S.A.D. "B" | 15 | 5 | 5 | 0 | 0 |
| ATLETICO ABUIN "A" | 9 | 5 | 3 | 0 | 2 |
| SAGRADO CORAZON "A" | 6 | 5 | 2 | 0 | 3 |
| C.POL. LUCENSE "A" | 6 | 3 | 2 | 0 | 1 |
| C.POL. LUCENSE "B" | 6 | 4 | 2 | 0 | 2 |
| S.D. SARRIANA "A" | 6 | 4 | 2 | 0 | 2 |
| GUITIRIZ S.D. | 3 | 4 | 1 | 0 | 3 |
| A.D.C. A PIRINGALLA "A" | 3 | 4 | 1 | 0 | 3 |
| C.D. CASTRO | 3 | 4 | 1 | 0 | 3 |

### PRÓXIMA XORNADA

Abuín A – Sarriana A
Piringalla A – Lucense B
Lucense A – Castro
Guitiriz – CD Lugo B

## ALEVÍN PREVIA 3

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Comercial A – Palas | 5–2 |
| Piringalla B – Becerreá | 1–6 |
| Antas – Polvorín B | 5–3 |
| Abuín B – Fonsagrada | Susp. |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| S.D. ANTAS | 15 | 5 | 5 | 0 | 0 |
| S.D. BECERREA | 12 | 5 | 4 | 0 | 1 |
| S.G. COMERCIAL "A" | 9 | 4 | 3 | 0 | 1 |
| S.C.D. MILAGROSA "B" | 7 | 4 | 2 | 1 | 1 |
| ATLETICO ABUIN "B" | 6 | 4 | 2 | 0 | 2 |
| EF POLVORIN "B" | 3 | 4 | 1 | 0 | 3 |
| PALAS C.D. | 3 | 5 | 1 | 0 | 4 |
| FONSAGRADA BALOMPE | 1 | 3 | 0 | 1 | 2 |
| A.D.C. A PIRINGALLA "B" | 0 | 4 | 0 | 0 | 4 |

### PRÓXIMA XORNADA

Becerreá – Comercial A
Fonsagrada – Antas
Polvorín B – Piringalla B
Milagrosa B – Abuín B

## ALEVÍN PREVIA 4

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Casás B – Corgo | Apr. |
| Polvorín C – Monterroso | 2–4 |
| Ferro B – Ferro A | 1–3 |
| Sagrado B – Comercial B | 8–2 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| C.D. CORGO | 12 | 4 | 4 | 0 | 0 |
| SAGRADO CORAZON "B" | 12 | 5 | 4 | 0 | 1 |
| A.D. FERROVIARIA "A" | 9 | 4 | 3 | 0 | 1 |
| MONTERROSO S.D. | 9 | 5 | 3 | 0 | 2 |
| A.D. FERROVIARIA "B" | 4 | 5 | 1 | 1 | 3 |
| S.D. SARRIANA "B" | 3 | 4 | 1 | 0 | 3 |
| S.G. COMERCIAL "B" | 3 | 4 | 1 | 0 | 3 |
| EF POLVORIN "C" | 3 | 4 | 1 | 0 | 3 |
| C.P. CASÁS "B" | 1 | 3 | 0 | 1 | 2 |

### PRÓXIMA XORNADA

Monterroso – Casás B
Comercial B – Ferro B
Ferroviaria A – Polvorín C
Sarriana B – Sagrado B

**5**

**PARTIDOS APRAZADOS**

Un en cada un dos grupos de Previa e outro na categoría provincial. O Abuín B Fonsagrada do grupo tres foi suspendido e aínda non ten nova data

## ALEVÍN PROVINCIAL

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Polvorín – Milagrosa A | Apr. |
| Xove Lago – CD Lugo A | 1–8 |
| Residencia – Burela A | 4–0 |
| Mondoñedo – Casás A | 4–2 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| C.D. LUGO S.A.D. "A" | 13 | 5 | 4 | 1 | 0 |
| S.D. RESIDENCIA | 13 | 5 | 4 | 1 | 0 |
| S.D. PORTO BURELA "A" | 6 | 4 | 2 | 0 | 2 |
| U.D. XOVE LAGO | 6 | 5 | 2 | 0 | 3 |
| S.C.D. MILAGROSA "A" | 6 | 4 | 2 | 0 | 2 |
| EF POLVORIN "A" | 4 | 4 | 1 | 1 | 2 |
| MONDOñEDO CIUDAD "A" | 4 | 4 | 1 | 1 | 2 |
| C.P. CASÁS "A" | 0 | 5 | 0 | 0 | 5 |

### PRÓXIMA XORNADA

Mondoñedo A – Mila A
Burela A – Xove Lago
CD Lugo A – Polvorín A
Casás A – Residencia



Raúl superando a presión do laranxa Brais

## MONDOÑEDO CUIDAD A

ALEVÍN PROVINCIAL

13 xogadores en total

1ª equipación

PLANTILLA





MICHAEL



IAGO G.



IAGO L.



JORGE



LUCAS



ÓSCAR



PABLO



SAMIR



SERGIO



XIAN






María en condución superando a presión de Héctor Gil



O albivermello Arón en carreira presionado por DIego



Andrés regateando a Hugo Diéguez, do Monterroso



Gabri nunha condución perseguido por Nerea



Mateo Vázquez perseguido por Hugo Mato, do Monterroso



Samuel presionando a saída de balón de Alexandre



Fran Fernández, do Sagrado B, dando instrucións



Serguei intentando superar a Jheremy


Manu, presionado por Hugo, a piques de controlar o balón


Sergio golpeando o coiro coa presión de Dani, do Burela


Uriel saíndo en conducción ante a mirada de Chris

# Mondoñedo estrea a conta no Provincial

**TRAS EMPATAR A PASADA XORNADA,** os de Michael seguen en ascenso logo de superar nesta ocasión a Casás cos goles de Óscar, Sergio e Lucas, por partida dobre

O conxunto albivermello sumou o primeiro triunfo na segunda fase nun encontro marcado polo vento, de moito xogo directo e que se decidiu na segunda metade tralo 2-2 co que se chegou ao descanso. Os locais sufriron na primeira metade, ao ter o aire en contra, mentres que Casás, sen cambios no banco neste encontro, facía dous goles por medio de Iago Núñez e Samu que deixaban todo por decidir de cara á segunda parte. A presión alta do Mondoñedo tralo intermedio propiciou roubos de balón para xerar as ocasións coas que chegaron os dous goles que daban os tres puntos aos de Michael.

Tralo empate entre os dous primeiros clasificados, CD Lugo e Residencia, no encontro que os mediu o pasado luns, ambos equipos volveron á senda da vitoria esta fin de semana. A Resi impúxose ao Burela na Cheda por 4-0 con dous goles de Manu, un de Ángel e outro de Montilla. Os mariñaos, cun só cambio, aguantaron durante a primeira metade, que rematou 1-0, pero na segunda o desgaste físico comezou a pasar factura e os branquiazuis sentenciaron con tres goles máis.

O CD Lugo superou ao Xove Lago a domicilio 1-8 con 5 goles de Jes, un de Jesu, outro de Pablo e outro de Jesús. Iker marcou para os mariñaos.

**1**

**ENCONTRO APRAZADO** O partido entre Polvorín e Milagrosa xogarase mañá, a partir das 18:00h, en Montirón

**5**

**GOLES DE JES** O xogador do Club Deportivo Lugo foi o autor dun repoker no triunfo do seu equipo e pasa a ser o pichicho da competición

**1**

**EMPATE NO MÁIS ALTO** O duelo entre os dous primeiros, Lugo e Residencia, que se xogou o pasado luns, rematou con reparto de puntos tralo 2-2 final

**CLASIFICACIÓN MÁXIMO GOLEADOR**
**Alevín Provincial**
**Datos facilitados polos adestradores**
**+Info en redaccion@liderlugo.es**

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| JES | CD Lugo A | 8 |
| PABLITO | Polvorín A | 6 |
| MANU | Residencia | 5 |
| CHRIS | Burela A | 4 |
| HUGO | CD Lugo A | 4 |
| ÓSCAR | Xove Lago | 4 |
| HUGO | Xove Lago | 4 |
| BORJA | Burela A | 3 |
| IAGO N. | Casás A | 3 |
| LOIS | CD Lugo A | 3 |
| TAHA | Milagrosa A | 3 |
| IAGO | Milagrosa A | 3 |
| LUCAS | Mondoñedo | 3 |
| ÁNGEL | Residencia | 3 |
| MATEO | Burela A | 2 |
| JACOBO | Casás A | 2 |
| REDA | Casás A | 2 |
| ADRI | CD Lugo A | 2 |
| JORGE | CD Lugo A | 2 |
| SAÚL | CD Lugo A | 2 |
| JESÚS | CD Lugo A | 2 |
| ÓSCAR | Mondoñedo | 2 |


Os xogadores do Xove Lago e o seu adestrador Kiko Rey

## Tralo 1-0 ao descanso, a Residencia sentenciou o encontro na segunda parte

| RESIDENCIA 4 | PORTO DE BURELA 0 |
|---|---|
| Pablo | Gabi |
| Río | Antón |
| Ángel ⚽ | Hugo |
| Rodri | Mateo |
| Gabri | Pedro |
| Andrés | Dani |
| Montilla ⚽ | Chris |
| Manu 2⚽ | Tato |
| Sergio | Xoel |
| Unay | |
| Uriel | |
| Javi | |

**Arbitro:** Jesús Fidalgo Nuñez

**"TEMOS QUE SEGUIR MELLORANDO E DÁNDOLLE MÁIS IMPORTANCIA Á FASE DEFENSIVA"**
HUGO VÁZQUEZ - Residencia

**"UN PARTIDO MUY INTENSO EN EL QUE NOS FALTÓ FRESCURA EN ATAQUE Y EL CANSANCIO HIZO MELLA EN LA SEGUNDA PARTE ANTE UN GRAN RIVAL QUE NO PERDONA"**
BENITO - Porto de Burela


Antonio Gómez dándolle instrucións a Ángel

## Jes, con cinco goles, foi o protagonista nun novo triunfo do líder da categoría

| XOVE LAGO 1 | CD LUGO A 8 |
|---|---|
| Carlos | Jandro |
| Dani | Jorge |
| Iker ⚽ | Jesu ⚽ |
| Xoel | Lucas |
| Hugo | Nico |
| Óscar | Jes 5⚽ |
| Edu | Hugo |
| Yago | Pablo ⚽ |
| Victor | Jesús ⚽ |
| Jonathan | Saúl |
| Álex | Iago M. |
| Jesús | |
| Junior | |

**Arbitro:** RAÚL LÓPEZ MARTÍNEZ

**"PARTIDO MOI COMPLICADO, FUMOS AMPLAMENTE SUPERADOS POR UN LUGO QUE, ADEMAIS DE CALIDADE, TEN DÚAS MARCHAS MÁIS CA NÓS. NORABOA AO LUGO E NOVA APRENDIZAXE PARA OS NOSOS"**
KIKO REY- Xove Lago

**"BO PARTIDO DE TODO O EQUIPO EN LIÑAS XERAIS. SEGUIMOS MEDRANDO"**
DIEGO - CD Lugo A


Iago Garcia, do Mondoñedo, a piques de golpear o balón

## Mondoñedo suma o primeiro triunfo no campionato tras impoñerse a Casás

| MONDOÑEDO CIUDAD 4 | CASÁS 2 |
|---|---|
| Rubén | Álvaro |
| Longa | Reda |
| Pablo | Xoel |
| Diego | Samu ⚽ |
| Óscar ⚽ | David Pereira |
| Xian | Cucho |
| Lucas 2⚽ | Iago Núñez ⚽ |
| Sergio ⚽ | Jacobo |
| Carlos | |
| Adrián | |

**Arbitro:** ANTONIO JAVIER LANZOS REY

**"TEMOS QUE SAÍR MÁIS METIDOS NO PARTIDO DENDE O PRINCIPIO, NON CONCEDER TANTO AOS RIVAIS E SER MÁIS CONTUNDENTES"**
MICHAEL - Mondoñedo

**"¡OCHO MAGNÍFICOS! DAMOS PASITOS HACIA DELANTE PARA LOGRAR LOS PRIMEROS PUNTOS. ¡ÁNIMO, EQUIPO!"**
AARÓN SÁNCHEZ - Casás

# CLASIFICACIÓNS BENXAMÍN PROVINCIAL E PREVIAS COPA

## BENXAMÍN PREVIA 1

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Ribadeo A – Viveiro A | 3–3 |
| Burela B – Río Ouro | 2–2 |
| Villalbés B – Villalbés C | 2–6 |
| Ribadeo B – Xove Lago | 2–6 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| S.D. VIVEIRO "A" | **13** | 5 | 4 | 1 | 0 |
| U.D. XOVE LAGO | **12** | 4 | 4 | 0 | 0 |
| S.D RIBADEO "A" | **10** | 4 | 3 | 1 | 0 |
| S.D. VIVEIRO "B" | **6** | 4 | 2 | 0 | 2 |
| RACING C. VILLALBES "C" | **4** | 4 | 1 | 1 | 2 |
| S.D RIBADEO "B" | **4** | 5 | 1 | 1 | 3 |
| RACING C. VILLALBES "B" | **3** | 4 | 1 | 0 | 3 |
| S.D.PORTO BURELA "B" | **1** | 4 | 0 | 1 | 3 |
| A.D. RIO OURO | **1** | 4 | 0 | 1 | 3 |

### PRÓXIMA XORNADA

Río Ouro – Ribadeo A
Xove Lago – Villalbés B
Villalbés C – Burela B
Viveiro B – Ribadeo B

## BENXAMÍN PREVIA 2

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Piringalla C – Corgo | 1–5 |
| Polvorín B – Monterroso A | 1–4 |
| CD Lugo B – Residencia | 4–3 |
| Sagrado A – Comercial | 1–6 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| C.D. LUGO S.A.D. "B" | **15** | 5 | 5 | 0 | 0 |
| S.D. RESIDENCIA | **9** | 4 | 3 | 0 | 1 |
| S.G. COMERCIAL | **7** | 4 | 2 | 1 | 1 |
| MONTERROSO S.D. "A" | **7** | 5 | 2 | 1 | 2 |
| PRIINGALLA C | **6** | 4 | 2 | 0 | 2 |
| RIBEIRA F.S. | **5** | 4 | 1 | 2 | 1 |
| C.D. CORGO | **4** | 5 | 1 | 1 | 3 |
| SAGRADO A | **3** | 5 | 1 | 0 | 4 |
| EF POLVORIN "B" | **1** | 4 | 0 | 1 | 3 |

### PRÓXIMA XORNADA

Monterroso A – Piringalla C
Comercial – CD Lugo B
Residencia – Polvorín B
Ribeira – Sagrado A

## BENXAMÍN PREVIA 3

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Sarriana – Sagrado B | 2–3 |
| Piringalla D – Becerreá | 2–2 |
| Antas – Piringalla F | 7–4 |
| Milagrosa B – Piringalla B | 3–4 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| A.D.C. PIRINGALLA "D" | **11** | 5 | 3 | 2 | 0 |
| S.D. BECERREA | **10** | 5 | 3 | 1 | 1 |
| SAGRADO B | **10** | 5 | 3 | 1 | 1 |
| S.C.D. MILAGROSA "B" | **9** | 5 | 3 | 0 | 2 |
| A.D.C. A PIRINGALLA "B" | **9** | 5 | 3 | 0 | 2 |
| S.D. ANTAS | **6** | 5 | 2 | 0 | 3 |
| S.D. SARRIANA | **3** | 5 | 1 | 0 | 4 |
| PIRINGALLA F | **0** | 5 | 0 | 0 | 5 |

### PRÓXIMA XORNADA

Milagrosa B – Sagrado B
Piringalla F – Piringalla D
Becerreá – Sarriana
Piringalla B – Antas

## BENXAMÍN PREVIA 4

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Piringalla E – Palas | 1–4 |
| At. Abuín – Lucense B | 1–0 |
| Monterroso B – Ferro A | 5–4 |
| Ferro B – Fonsagrada | Susp. |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| ATLETICO ABUIN | **15** | 5 | 5 | 0 | 0 |
| FONSAGRADA BALOMPE | **9** | 4 | 3 | 0 | 1 |
| A.D. FERROVIARIA "A" | **9** | 5 | 3 | 0 | 2 |
| C.POL. LUCENSE "B" | **9** | 5 | 3 | 0 | 2 |
| MONTERROSO S.D. "B" | **6** | 5 | 2 | 0 | 3 |
| A.D. FERROVIARIA "B" | **3** | 4 | 1 | 0 | 3 |
| A.D.C. A PIRINGALLA "E" | **3** | 5 | 1 | 0 | 4 |
| PALAS C.D. | **3** | 5 | 1 | 0 | 4 |

### PRÓXIMA XORNADA

Ferro B – Palas
Ferro A – Abuín
Lucense B – Piringalla E
Fonsagrada – Monterroso

**3**

**EMPATES**
Ribadeo - Viveiro e Burela B - Rio Ouro, no Grupo 1, e Piringalla D - Becerreá, no Grupo 3, remataron con reparto de puntos

## BENXAMÍN PROVINCIAL

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Polvorín – Milagrosa | 1–1 |
| St. Foz – CD Lugo A | 1–6 |
| CP Lucense – Burela | 2–5 |
| Villalbés A – Piringalla | 2–3 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| C.D. LUGO S.A.D. "A" | **13** | 5 | 4 | 1 | 0 |
| S.D. PORTO BURELA "A" | **12** | 5 | 4 | 0 | 1 |
| A.D.C. A PIRINGALLA "A" | **7** | 5 | 2 | 1 | 2 |
| EF POLVORIN "A" | **6** | 5 | 1 | 3 | 1 |
| S.C.D. MILAGROSA "A" | **5** | 5 | 1 | 2 | 2 |
| C.POL. LUCENSE "A" | **4** | 5 | 1 | 1 | 3 |
| RACING C. VILLALBES "A" | **4** | 5 | 1 | 1 | 3 |
| AD SANTIAGO DE FOZ | **4** | 5 | 1 | 1 | 3 |

### PRÓXIMA XORNADA

Stgo. de Foz – Polvorín A
Piringalla A – CD Lugo A
Lucense A – Milagrosa A
Villalbés A – Burela A



Gabi, da Resi, intentando anticiparse a Kike, Lucense



Rodrigo Dono sobrepasando pola banda a Iker



O branquiazul Aleix pisando o esférico diante de Álex



Aitor, do Monterroso, e Yerai, do Polvorín, nunha disputa

## EF POLVORIN A

BENXAMÍN LIGA PROVINCIAL

12 xogadores en total — 1ª equipación

PLANTILLA





MICHU



ANDRÉS



ANTÓN D.



ANTÓN M.



BRAIS



DIEGO



GUILLE



NICO



PABLO



RIKI



SAMUEL



SERGIO



YERAY



O laranxa Sergio Vela e Tito en carreira detrás do esférico



Huguito conducindo o coiro presionado por Rodri



Ríos protexendo o balón de costas a Dani



Samuel co balón ante a mirada de Saúl, Diego e Leti

# O Burela mantén o pulso ao Lugo

## OS ALBIVERMELLOS SEGUEN LÍDERES, pero a un só punto dos mariñaos, que nesta xornada impuxéronse ao Lucense guiados polo hat trick que asinou Noel

O segundo clasificado, Porto de Burela, segue a estela do Lugo a só un punto na táboa e levouse unha merecida vitoria ante CP Lucense tras dominar o encontro de principio a fin. Noel, con 3 goles, Asier e Dani fixeron os goles para os mariñaos, mentres que Mateo P. e Fabio marcaron para os de Iago Núñez.

O CD Lugo sumou a cuarta vitoria consecutiva en Foz, logo de 20 minutos de dominio local que remataron co 0-1 de Manu Fole. A partir de aí os albivermellos fixeron 3 goles máis antes do descanso que pecharon o partido, e na segunda metade seguiron ampliando a vantaxe ata o 0-6. Olveira, nos minutos finais, fixo o gol da honra para os mariñaos.

